

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Xaneiro - Febreiro - Marzo 2004]

ATENEO FERROLÁN:
Memoria 2004
e Asamblea Xeral

Artigos
O AMIANTO
PARIS LIBERADO
SAN ANDRÉS DE TEIXIDO


Falamos de
IZAR

Xente (de Cine)
VÍCTOR ERICE

OUTRAS ENTIDADES, SERVICIOS, BREVES, O PARNASO, MULLER... e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

MULLER ÁRBORE
Premio Novel da Paz 2004





nº 18


QVI-
XOTE
IV CENTENARIO


EL INGENIOSO
HIDALGO DON QVI-
XOTE DE LA MANCHA,
Compuesto por Miguel de Ceruantes
Saauedra.
DIRIGIDO AL DVQVE DE BEIAR,
Marques de Gibraleon, Conde de Benalcaçar, y Baña-
res, Vizconde de la Puebla de Alcozer, Señor de
las villas de Capilla, Curiel, y
Burguillos.




Año, 1605.

CON PRIVILEGIO,
EN MADRID, Por Iuan de la Cuesta.
Vendese en casa de Francisco de Robles, librero del Rey nro señor.







RECINOR


RECINOR nace coa prioridade de paliar un asunto tan crítico como o que supón o vertido de residuos de construcción. Adoptando a única solución posible que existe, o RECICLAXE, a REUTILIZACIÓN e a REDUCCIÓN de dichos residuos, chegamos a colocar máis do 80% do producto de novo no mercado.

"Todo residuo potencialmente reciclable o valorizable deberá ser destinado a estos fines, evitando su eliminación en todos los casos que sea posible"

Art. 11 punto 2, de la Ley 10/1998 de abril, de Residuos (BOE nº 96, de 22/04/1998)



SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 18
Xaneiro-Febreiro-Marzo
2005

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneo-ferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores




CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Mª Xosé Villar

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán


ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Juan J. Burgoa, Ricardo Pena, Tono da Graña, Carlos Alberto Alonso, Carlos Piñeiro Díaz, Hortensia Pérez Landeira, Eduardo Fra Molinero, Andrés Pena Graña, Mª do C. Krukemberg.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, DISTRIGALICIA, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, MULTIÓPTICAS-CALLAO, RECINOR, CAIXANOVA, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CENTRO COMERCIAL ABERTO.



EDITORIAL



onflito de competencias –ESTADO-XUNTA-CONCELLOS–, ou contubernio de intereses, financeiros, empresariais, políticos e outros seguramente inconfesabeis, pois hai demasiados "caídos" neste escuro e silencioso combate. Caen xentes de ENAGAS, caeu un Presidente da AUTORIDADE PORTUARIA, caeron en silencio, ou foron desprazados por mor dos pases a diversas situacións internas varios altos mandos militares da Armada, caeron concelleiros –xa van catro– abandonos de directivos políticos de partidos tamén, periodistas desprazados e advertidos de que o tema é intocábel.

En fin parece demasiado, pero é así, e hai que dicir máis, non un nin dous nin tres, máis de media ducia de cargos de certa relevancia en Entidades Financeiras e administrativas, confesaron en privado que non podían dicir o que pensaban...

PERO...
QUÉ PASA AQUÍ ???,
en qué país estamos...

En calquera caso,
deixará de ser unha materia opinábel ?

... non nos van levar á cadea por
opinar en contra ...

qué é o que está a pasar coa
PLANTA DE GAS ...

Négome a admitir que non se poida falar con enteira liberdade e opinar a favor con argumentos e tamén en contra con razóns ... Pero ademais deste dereito a opinar dun tema público de tanta transcendencia, hai a obriga de INFORMAR, de esixir o CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE e o respecto ás NORMAS APLICABEiS en materia de RISCOS e de PREVENCIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, sendo a primeira a da vida humana.

É evidente que a instalación desta PLANTA, onde se está a construír, con tantos puntos escuros e pouco aclarados (esperamos que a XUSTIZA o faga), pasou por riba de disposicións legais, de administracións públicas, partidos políticos (ou membros importantes deles), sindicatos, estamentos de Defensa, e afogou dun xeito escandaloso á opinión pública, mercando o silencio dos medios de comunicación (con algunha honrosa excepción).

Pedimos, esiximos, que alguén expoña unha razón minimamente convincente que xustifique ese emprazamento, pois a xustificación dos atropelos e do proceso que empezou coa famosa frase de "FARASE AÍ PESE A QUEN PESE" (democracia Popular Plena) non somos quen de formulala. O dito, quédanos a XUSTIZA e naturalmente, con plena confianza tamén, EUROPA.

Comezamos a ver os froitos do Asociacionismo dos ATENEOS, tanto a nivel de España como Internacional.


Dúas presentacións de libros e a Homenaxe a CANALEJAS coa conferencia do Presidente do ATENEO DE MADRID, D. José Luis Abellán, son aportacións concretas da Asociación de ATENEOS de ESPAÑA. Para o mes de ABRIL estamos a preparar un espectáculo de Folclore Mexicano que vén da man do ATENEO de REYNOSA (MÉXICO), no marco de AIFA (Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos).

O ATENEO FERROLÁN, representado polo seu Presidente, participou o pasado 13 de novembro na Asemblea Xeral de Ateneos de España. Presentáronse os ESTATUTOS da mesma e foi renovada a súa Xunta Directiva: **Presidente** D. José Manuel Botella Crespo, Ateneo de Valencia; **Vicepresidente** D. José Luis Abellán, Ateneo de Madrid; **Secretario** D. Tomás Mancebo Jiménez, Ateneo de Albacete; **Tesoureira** Dona Mª José Marrodán Girones, Ateneo Riojano. **Vocais:** D. Emilio Echavarren Urtasu, Ateneo de Navarra, D. Esteban Cortijo Parralejo, Ateneo de Cáceres e D. Anselmo López Morais, Ateneo de Ourense. **Asesor de Presidencia**: D. Tomás Mayo, Ateneo de Madrid.




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



Estudios Mindonienses
Nº 20
Ed. Centro de estudios de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol
ISSN: 0213-4357



Anuario Brigantino
Nº 26
Ed. Concello de Betanzos
ISSN: 1130-7625



Artnotes. Publicación de arte y cultura
Nº 0
Ed. Anotarte
D.L.: C-2423-2004





Cervantes. Revista del Instituo Cervantes. Nº 1
Ed. Instituto Cervantes
NIPO: 503-04-012-3

PRENSA

Diario de Ferrol	**Galicia Hoxe**	**Novas da Galiza**
La Voz de Galicia	**Faro de Vigo**	**El País**
		El Mundo
El Correo gallego	**A Nosa terra**	**Le Monde Diplomatique**

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA VIDEOTECA, ENTRE OS QUE DESTACAN:

71 documentais

50 curtametraxes, dos máis importantes directores.


140 longametraxes, de destacados autores como Chaplin, Einsenstein, Hitchcock, Welles, Huston, Buñuel, Almodóvar, etc.

Ademais de obras de teatro, música...




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Finca Miramar. Inventario y descripción de sus labras heráldicas
Carlos Acuña y Pablo Diz
Ed. A G H N de Galicia
ISBN: 84-609-1148-9



Unha espía no reino de Galicia
Manuel Rivas
Ed. Xerais.
ISBN: 84-9782-193-9



Outono na illa
Xosé manuel Martínez Oca
Ed. Biblos
ISBN: 84-933327-7-1



III Centenario de la publicación D.Quijote de la Mancha. Homenaje del Ateneo Ferrolano
Imp. El Correo Gallego.
Ferrol 1905.

ESTA A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS, O CATÁLOGO INFORMATIZADO DOS FONDOS DA BIBLIOTECA.




Inventario de fondos parroquiales. AHD de Ourense
Enrique Bande y Carlos Taín
Ed. Dep. de Ourense
ISBN: 84-87575-78-1



Sempremar. Cultura contra a burla negra
Ed. Asociación Cultural
Benito Soto
ISBN: 84-607-9145-9




Adiós, España. Verdad y mentira de los nacionalismos
Jesús Laínz
Ed. Ediciones Encuentro
ISBN: 84-7490-707-1



As laranxas máis laranxas de todas as laranxas
Carlos Casares
Ed.IGAEM
ISBN: 84-453-3896-X

NON
Ó PR€STAMO
D€ PAGO
€N BIBLIOTECAS



PALABRAS DE DESPEDIDA ÓS CONCELLEIR@S DE FERROL

por Eduardo Fra Molinero

«Na política apréndese a mirar e mais a ver».

Sr. Alcalde, Señores Concelleiros:

É costume que se lle tolere dun xeito protocolario e elegante ó concelleiro que dimite unhas palabras de despedida.

Eu quero que as miñas sexan, en primeiro lugar, de agradecemento. Son consciente de que ás veces, seguramente moitas veces, fun un pesado, mesmo un teimudo e, como se di coloquialmente, algo chinchorro. Polo tanto, pídovos desculpas se faltei a alguén ou provoquei algún que outro batifondo. De tódalas maneiras semella que, polo visto e escoitado estes días, nada grave.

Quérovos agradecer tamén as vosas mostras de cariño e incluso as louvanzas que me tedes dedicado ultimamente. As cousas feas, que seguramente dixestes de min, non as escoitei, porque as dixestes prudentemente en privado, o cal é sinal moi civilizado e de boa educación; unha miguiña de hipocrisía cortesá, sen pasarse, nunca está de sobras. Sei, non son tan inocente, que estas louvanzas adoitan ser moi circunstanciais e da natureza dalgún refrán como aquel que di "a burro morto cebada ó rabo". Ou "a inimigo que foxe ponte de prata". De tódolos xeitos loas e louvanzas son sempre bonitas e quedan moi fino. Non coñezo a ninguén que non lle gusten.

Esta situación lévame a lembrar aquilo que sempre me cita un amigo de Pontedeume: o consello que nos dicían os maiores cando íamos por aí, á praia, ó río. Na miña vila, onde nacín, non hai mar, non hai praia. Hai varios ríos, e mesmo ríos perigosos con remuíños que se teñen cobrado lamentablemente as súas víctimas. Meterse no río é como meterse en política.

O consello dos maiores dicía: "Non vos manquedes e non vos metades con ninguén".

Así de simple e así de directo. "Non vos manquedes e non vos metades con ninguén".

Cos anos dei en pensar que aquel prudente consello case case é como unha síntese dos dereitos humanos.

Quizais se vós o pensades a modo, estaredes comigo e co meu amigo que o consello dos nosos maiores é máis serio do que parece. Mágoa non terlles feito moito caso.

Na política apréndese a mirar e mais a ver. Eu aprendín bastantes cousas de proveito. No río tamén. A min, que nunca fun un tarzán, gustábame máis irme bañar á presa do catalán. Prefería porque era máis segura. A auga da presiña viña algo toldada, certo, pero tamén quentiña. Tiña ademais moi boas vistas. Recoñezo que son un contemplativo. Había unha pradería onde tomaban o sol as rapazas. Xa vos digo, non había outra paisaxe mellor. Este tipo de paisaxe invita sempre a relativiza-las cousas.

Aprendimos a ve-lo mundo pola súa parte positiva; e que moitas das liortas e obsesións non pagan a pena, porque ó final, queridos amigos e amigas, hai dúas cousas realmente importantes nesta vida, e a política debería telas moi en conta. Dúas cousas verdadeiramente importantes. A primeira delas é aquilo no que todos seguramente estamos pensando. Todos e todas, agás os despistados e as despistadas. Xa me entendedes. "Afrodita que estás nos ceos veña a nós o teu reino".

E a segunda cousa real e verdadeiramente importante, pois ... como dicía Woody Allen, "xa non me acordo".

Ademais se a primeira non funciona dun xeito prudente e axeitado, daquela xa vai todo o resto desamañado, desbaratado e entramos na espiral das conductas desviadas. E comezamos a mancarnos os uns ós outros; a ter mal viño e volvémonos barulleiros.

En moitas ocasións un é pesimista de máis e da en pensar que todo isto non ten moito remedio, pero

tamén temos días nos que sentimos coma un proído ou formigo no corpo e metémonos en política para tentar e procurar facer cousas positivas que melloren a vida.

Cremos en ideas como a **verdade**, é dicir, a lóxica, a razón, que é contraria á mentira e ós sofismas.

Un amigo escribiume unha preciosa carta de ánimo e citoume unha anécdota que conta Platón do político Hesíodo. Este personaxe proclamaba: "Nosoutros, os políticos, sabemos dicir embustes que parezan verdades". En fin unha situación corruptora lamentable.

Cando un se mete no enguedello dos embustes xa non da parado e chegamos mesmos a absurdos. Aquí en Ferrol temos diversos absurdos, que deberiamos solucionar o máis axiña posible: como o de chamar muralla a unha miserenta tapia que nos impide ve-la ría, ou considera-lo polbo frío como unha *delicatesse*. ¿Como nos poden tomar en serio no resto de Galicia comendo pulpo ou polbo frío –penso que somos o único lugar que come o polbo frío– ou chamando muralla a unha tapia? Postos a revira-las palabras chegamos aínda a extravagancias máis fortes como a de considerar segura unha planta de gas no medio da ría, fronte a unha cidade, un arsenal e un estaleiro. O que non sei é se cando falaron de seguridade falaron de seguro-seguro ou de póliza de seguro, que serve, non para impedi-los accidentes senón para resarci-los danos dunha catástrofe.

Pero en fin, tampouco quería suscita-la discusión do asunto que me levou a votar como votei. Tédesme que perdoa-la miña impertinencia. Hoxe quería facer tan só como unha proclama das ideas nas que cremos.

Nestas despedidas adoitase pronunciar palabras serias, solemnes e un quere quita-lo perfil máis elegante. Vounas pronunciar agora, poucas, porque tampouco é cuestión de cansar ó persoal. Xa pronunciei a palabra verdade, pero dándolle o uso da lóxica escueta. Non podemos retorce-lo pensamento, nin debemos xogar frivolamente coas palabras.

E ademais de crer na verdade, isto é, na lóxica, nos razoamentos, cremos tamén na **liberdade**, que xa sabedes perfectamente o que é, porque con máis frecuencia da debida nos falta e daquela nótase moitísimo a súa falta. ¡Que palabra esta: Liberdade!. A vida sen liberdade queda lixada como de cinza. Non hai cousa máis deprimente, humillante e máis fea. Pero xa vedes, quérenos ben amarrados e de por vida. Nin sequera nos permiten ter, como se permite ós funcionarios, "Asuntos propios". Non estaría mal implantar en moitos aspectos da vida os "asuntos propios" dos funcionarios. No matrimonio, nas amizades, na política, na relixión. Na Constitución de Cádiz, por exemplo, ó rei se lle daba a posibilidade de dous asuntos propios, isto é, o dereito de veto por dúas veces. E mais nada. Pero algo é algo. Penso que non andaban descamiñados.

A liberdade, xuizosa por suposto, é algo imprescindíbel na vida.

"A liberdade é a nosa pauta de goberno na vida pública, e nas nosas relacións cotiás non caben os receos, nin nos ofende que os nosos veciños queiran vivir de modo que lles pareza... E mentres, vivímo-la nosa vida privada sen que nos moleste ninguén, gardámonos moito en transgredi-las disposicións do Estado, obedientes en todo momento ás autoridades e ás leis, xa que logo as autoridades foron elixidas libremente por nós e as leis decretadas tamén libremente por nós".

Estas palabras tan ben tiradas, como podedes sospeitar, non son miñas. Collinas prestadas da democracia ateniense, da que temos aprendido case todo. É o mellor que podo facer, copialas, renderlles unha homenaxe e que dous mil anos despois volvan soar coa mesma frescura e dignidade de onte. Ferrol é unha cidade onde soan moi ben este tipo de palabras.

«...ademais de crer na verdade, isto é, na lóxica, nos razoamentos, cremos tamén na liberdade, que xa sabedes perfectamente o que é».

E seguindo na mesma liña tamén lembro que cremos na **fermosura**, pois nada nos gusta máis que as cousas feitiñas, pulcras e harmoniosas. O soño de fermosura alimenta tanto ou máis que o caldo.

Lin nalgún sitio que se teñen feito experimentos coas arañas. Sometidas a un tratamento de alcohol, as arañas, perden a orientación e o sentido da simetría e tecen desordenadas, caóticas e dunha fealdade abraiante.


Debemos andar con moito coidado con que tipo de alimento cultural tomamos, non nos vaia pasar como as arañas. Aínda estamos a tempo. Aínda somos quen de buscar a fermosura en case todo.

Ademais da verdade, da liberdade e da fermosura cremos en moitas máis cousas derivadas ou relacionadas con estas tres, pero xa é tarde e non quero divagar; tedes abondo comprobado que son un perigo cun micrófono diante; non vos quero cansar, porque entre outras cousas estades metidos nun pleno de moita discusión e a discusión levaravos un tempo.

Por outra parte, certo é que me despido, mais tampouco marcho demasiado lonxe. Esta cidade ten a avantaxe de que é pequena e podémonos ver en calquera momento. Ademais por aquí, por esta casa, quédanme aínda bos amigos e compromisos como paga-los impostos e taxas e mais colaborar no que me pidades e eu boamente poida facer.

E como todos vós quedades metidos neste río, volvo dici-lo de antes, xa o sabedes, lembrade: "Non vos manquedes e non vos metades con ninguén".

Graciñas pola vosa paciencia.



"Una de las pérdidas más dramáticas del cine actual es que ha dejado de ser un arte popular"

VÍCTOR ERICE


Víctor Erice supervisando unha toma



Carlos Alberto Alonso
alonso@asmuxicas.com
www.asmuxicas.com

Erice é un creador discreto, excesivamente tímido, serio, un realizador moi complicado para os productores, pouco dado ás familiaridades cos seus actores, e algo túzaro, pouco amigo de aparecer ante cámaras e fotógrafos. Puro glamour, vamos. Ademais é un director fuxidío, cunha breve filmografía moi distanciada no tempo. É, a pesar de todo isto, un dos cineastas españois vivos de máis prestixio internacional ¿onde está o segredo entón? Pois moi sinxelo, alí onde está sempre a clave dun bo cineasta: na súa mirada. A mirada dun home cheo de nostalxia pola infancia perdida, marcado polos vínculos familiares e os seus conflitos, unha mirada que ve o mundo cheo de metáforas, sempre sutís e suxerentes, unha mirada –en definitiva– cargada do misterio da vida.


Nacido en Carranza (País Vasco) en 1940, **Víctor Erice** licenciouse en Dereito e Ciencias Políticas e Económicas. En 1963 ingresou na Escola Oficial de Cine de Madrid para cursar a especialidade de direción. Desta época son as súas primeiras curtametraxes: **En la Terraza** (1961), **Páginas de un Diario** (1962) e **Los días Perdidos** (1963). Dese período de formación tamén podemos citar o seu traballo como guionista no filme de **Antonio Eceiza, El próximo Otoño** (1963) e en **Oscuros sueños de Agosto** (1967) dirixida por **Miguel Picazo**. Nesa época **Erice** dirixiu tamén outra curtametraxe titulada **Entre Vías** (1966), e escribiu crítica de cine en diversas publicacións, entre elas "Cuadernos de arte y pensamiento" ou "Nuestro Cine".


Los Desafíos, 1969

En 1969 debuta na longametraxe dirixindo un dos episodios de **Los Desafíos**, xunto con **José Luis Egea** e o malogrado **Claudio Guerín** (cineasta este que morrería de maneira violenta en 1973, ó caer da torre do campanario da coruñesa vila de Noia, mentres rodaba os planos finais da interesante **La Campana del Infierno**). En 1973 roda a premiadísima **El espíritu de la colmena**, dez anos despois **El Sur** e en 1992, **El sol del membrillo**, un orixinal documental sobre o pintor **Antonio López**, onde analiza pormenorizadamente o proceso de creación artística.

Todas as películas de **Víctor Erice** presentan microcosmos, nos que as relacións persoais se entrelazan, de maneira que as historias están por riba da realidade e se converten en profundas reflexións sobre a condición humana. **El espíritu de la colmena** sitúanos na dura posguerra española tomando a anécdota da chegada do cine a unha perdida vila castelá. A película aborda a relación entre dúas nenas e mais o seu pai, á vez que recolle o impacto da tradición cinematográfica americana e intenta explorar no universo psicolóxico que se vive na España dos anos corenta. A narración sensible, o paso repousado do ritmo, os acertados planos, a composición estrañamente onírica nos encadres, a maxestosa fotografía, as axustadas interpretacións e o poder da imaxe sobre a palabra fan desta película unha soberbia obra de arte. O filme supuxo o comezo da carreira de te: **Ana Torrent**, que interpreta o papel dunha nena que se somerxe nos misterios da súa familia a través do mito de **Frankenstein**. A película, obtén por primeira vez para unha producción española a Concha de Oro do Festival de Cine de San Sebastián de 1973, ademais de cultivar un grande éxito tanto de público como de crítica.

Dez anos máis tarde, **Víctor Erice** referirase a outra colmea e a outra nena, á que esta vez seguirá até entrada a súa adolescencia. Agora a acción xa non se sitúa na meseta castelá senón no norte, nunha cidade rodeada de murallas, como conta a voz en off narradora, á beira dun río. Trátase de **El Sur,** unha das súas obras máis exitosas, estreada en 1983. A película, baseada nunha historia de **Adelaida García Morales**, narra as difíciles relacións entre unha filla e o seu pai. A través destes personaxes asistimos a unha visión persoal sobre o tránsito da infancia á madureza. A película concibiuse en principio como unha serie para emitir en **TVE** en tres episodios. Debido ó cambio na direción televisiva durante a rodaxe, o productor **Elías**




Querejeta interrompeu a mesma, e a película só se realizou nas dúas terceiras partes. Non sabemos, por tanto, qué é o que sería **El Sur** se o cineasta contase con todo o presuposto, e a rodaxe da película concluíra tal e como se escribiu no guión, é dicir, tal e como Erice o tivo na súa cabeza. A pesar de isto, permanece como a obra inacabada máis bela do cine español.

Na década dos noventa, roda **El sol del membrillo**, unha conmovedora historia baseada na vida do pintor **Antonio López**. A película é un exercicio de reflexión sobre a fronteira entre a pintura e o cine que obtivo unha grande acollida no Festival de Cannes. Non foi doado para **Víctor Erice** adaptar o seu método de traballo á tarefa dun pintor tan peculiar como **Antonio López**. Conta o cineasta: "*Tuve que respetar todo lo posible su forma de trabajar. Por una sencilla razón, el trabajo de Antonio, su relación con el modelo, es el eje de la película. El modelo, en este caso, era nada menos que un árbol, es decir, un ser vivo que evoluciona en el tiempo, que tiene un movimiento propio, exterior e interior*". A forma de traballar do pintor, chea de exactitude, meditación e tensión, aínda que dificultou considerablemente a rodaxe, era perfecta para o estilo artístico que o cineasta demostrara anteriormente. Os percorridos das nenas protagonistas das súas obras precedentes e do pintor **Antonio López**, e tras eles os do propio **Erice**, teñen a satisfactoria virtude de iluminarnos a nós, os seus espectadores, e polo tanto, axudarnos no, ás veces, complicado acto de vivir. Nunha rolda de prensa do festival de San Sebastián de 2002, e a propósito de **El sol del membrillo**, **Víctor Erice** asegurou que aquel momento cumio que lograra alcanzar na súa colaboración co pintor non se debía ó xenio nin á reflexión intelectual, senón máis ben a unha actitude ante a arte (e por conseguinte, a vida) que lle permitía, de vez en cando, encontrar verdadeiros momentos memorables, gracias, en grande medida, á paciencia, á constancia, e en definitiva... ó traballo. Tendo en conta esto, é interesante lembrar dous deses momentos que xurdiron nos seus primeiros longos...

Durante a rodaxe de **El espíritu de la colmena**, chegou o día no que había que filmar a secuencia na que case toda a vila contemplaba o filme **Frankenstein**, de **James Whale**. Mentres rodaban os planos dos espectadores, decidiron proxectar a película en "tempo real". Chegado o momento de filmar a **Ana Torrent**, coincidiu co instante no que o monstro bota á nena á auga. O resultado, en boca de **Erice**, *"es el mejor plano que jamás haya rodado"*: Ana personaxe transfórmase en Ana nena e o director de fotografía, **Luis Cuadrado**, & **Erice** conseguen, practicamente sen planealo, rodar o nacemento do cine, inscribilo e rexistralo na Historia humana.

A principios dos oitenta, cando **Jose Luís Alcaine** na fotografía, **Omero Antonutti** e **Rafaela Aparicio** como intérpretes, e tantos outros, exercían de comadroas para que o vasco dese a luz outra marabilla, e mediada a rodaxe de **El Sur**, houbo que rodar a secuencia do festexo posterior á comunión de Estrella. En principio, a secuencia fora planificada para ser filmada en seis cortes e en exteriores, pero os elementos quixeron que ese día **Erice** tivese que improvisar; ante a chuvia torrencial que inundaba os xardíns da leira "La Gaviota", decidiu entón algo que non tiña pensado, filmar en plano secuencia (un só plano sen cortes) o amor do pai e a filla, a estratificación familiar, acompañado todo isto polas notas do pasodobre "En er mundo", logrando outra vez máis, un inexplicable momento único de verdadeiro cine.

En 1994 outórgaselle polo Ministerio de Cultura o Premio Nacional de Cinematografía. E en 1995 a Medalla de Ouro ó Mérito nas Belas Artes. É entón cando acomete un proxecto moi querido –e tristemente frustrado– como foi **La promesa de Shanghai** (título co que se publicou o guión na editorial *Editorial Plaza y Janés*). Durante tres anos, a partir de decembro de 1995, traballa na tarefa de adaptar para o cine a novela *El embrujo de Shanghai*. Trátase dunha proposta nacida da confluencia de dúas referencias iniciais: o filme de **Josef Von Sternberg,** tamén chamado **El embrujo de Shanghai** (1941) e o texto homónimo escrito por **Juan Marsé** en 1993. O guión de Erice é unha recreación da posguerra barcelonesa, dando vida ós personaxes literarios de Marsé. O choque entre a realidade, dura e amarga, e a fantasía duns nenos ou unha adolescente que xa estaban presentes en **El espíritu de la colmena** e **El Sur**, volven a aparecer aquí. Unha película que nunca veremos xa que o productor deste proxecto, **Andrés Vicente Gómez**, despediu a **Erice** poucos días antes do inicio da rodaxe e entregoulle o proxecto a **Fernando Trueba**, quen, finalmente realizou a película. Un proxecto, por certo, que á vista do guión orixinal publicado, sería unha excelente película en mans de **Erice**, co misterio e delicadeza que lle caracteriza. O desencontro con **Andrés Vicente Gómez** á hora da producción de **El embrujo de Shanghai** dá constancia de que os choques de **Erice** co mundo empresarial cinematográfico non é cousa do pasado. A decisión de **Querejeta** de deixar **El Sur** como estaba é debido, para moitos, ó coñecemento, a ser perfectamente consciente do inmenso valor do filme e á seguridade de que non era necesario ningún plano máis para a súa completa comprensión; a resolución tomada por Vicente Gómez ilustra a outra cara da moeda, é dicir, o exposto ó principio deste parágrafo: o retorno do productor mesquiño, ególatra e autosuficiente, sen a máis lixeira idea do que o cine representa como medio artístico e, polo visto, unicamente empeñado en coartar a liberdade creativa de todo cineasta a quen financia.










Cartaces nacionais e internacionais dalgunhos traballos de Erice









De arriba á abaixo: El Espíritu de la Colmena (1973), El Sur (1983) e Alumbramiento –do traballo colectivo Ten Minutes Older– (2001).


O que **El embrujo de Shanghai** puidera ter sido e non é (aquí si se poden utilizar estas palabras, en **El Sur** hai quen pensa que non) atópase na abismal diferenza do guión escrito por **Erice** e os penosos resultados cinematográficos logrados por **Fernando Trueba**, a quen **Andrés Vicente Gómez** contratou á desesperada, para levar a cabo (destrozar, dito doutra forma) a adaptación da novela de **Juan Marsé**.

Dedicado á publicidade e á televisión como modo de supervivencia, Erice seguiu realizando esporadicamente traballos curiosos, como a súa intervención en **Celebrate Cinema 101**, outro proxecto colectivo de carácter documental; unha longametraxe de produción xaponesa realizada en vídeo, e totalmente improvisado (dura oito minutos e foi rodado en Madrid durante unha tarde) no que participaron cineastas moi diversos: **Jonas Mekas, Marco Bellochio, Robert Kramer, Kaname Oda** ou **Alexander Sokurov**.

A insólita carreira deste cineasta vasco con só tres longametraxes, supón un caso exemplar de coherencia, liberdade de creación e resultados marabillosos; a súa obra atravesa a cinematografía peninsular como un raio de luz, ilumínaa e dálle un maior sentido. Desgraciadamente para os que esperamos ansiosamente os seus novos traballos, **Alumbramiento** –o seu último filme até a data, e que leva xa tres anos sen chegar a España– ten unicamente unha duración de dez minutos, xa que forma parte do proxecto titulado **Ten Minutes Older,** traballo colectivo de 14 realizadores de todo o mundo sobre o paso do tempo e a súa influencia nas nosas vidas. Un filme colectivo producido por **Nicholas McClintock** e no que interveñen outros doce cineastas (**Jim Jarmusch, Aki Kaurismaki, Jean-Luc Godard, Bernardo Bertolucci, Chen Kaige, Wim Wenders, Werner Herzog, Spike Lee** ou **Wong Kar-Wai**, entre outros), cada un dos cales rodou un episodio de dez minutos. **Alumbramiento** representa unha nova obra de Erice despois –e como é norma na súa traxectoria– de dez anos sen estrear. Rodada en branco e negro, preséntanos os primeiros dez minutos de vida dun ser que vai quedar marcado polo momento e as circunstancias nas que nace: o 28 de xuño de 1940 no País Vasco, durante a II Guerra Mundial: *"He buscado la expresión y el ritmo de ciertos cortos del cine mudo. Aunque la banda sonora es muy importante, en **Alumbramiento** apenas hay diálogo. Pero este rasgo no supone una novedad, ya que lo mismo sucedía en muchos pasajes de **El espíritu de la colmena**".*

Erice fai un cine poético, no que cada plano e cada escena ten un ritmo interno lento, contemplativo. Todo é intimista, incluso as paisaxes e planos de transición. As palabras déixanse caer, suavemente, co seu peso, coa súa medida. En definitiva, nada é gratuíto, como en toda boa obra de arte que se prece e se valore como tal. Por exemplo, abonda analizar o arranque de **El espíritu de la colmena** para descubrir nel toda unha teoría do cine e o seu significado. Non menos maxia ten o comezo atmosférico e ameazante de **El sur**. Erice tamén é amante dos símbolos, sempre abertos e evocadores: o péndulo, as cartas, concretas e recoñecibles melodías musicais...

Que un autor como **Víctor Erice** teña que malgastar o seu talento na realización de spots televisivos e que non se lle dea oportunidade de dirixir máis que unha vez cada dez anos (e iso tendo sorte) é unha mostra máis que clara do extremadamente inxusto e cegato que pode chegar a ser o mundo cinematográfico. Todas as películas de **Víctor Erice**, moi a pesar da súa condición intelectual ou minoritaria, funcionaron perfectamente entre o público e obtiveron éxitos máis que clamorosos alá onde se exhibiron, dentro e fóra da península. Que sexa un cineasta que necesite un tratamento especial porque o seu sistema de rodaxe pode ser diferente ó da gran maioría dos seus colegas é, no fondo, unha inversión xa que se pode ter a plena seguridade de que o resultado final pode chegar a marcar un antes e un despois no discorrer fílmico cultural do país, tal e como **El espíritu de la colmena, El sur e El sol del membrillo** estableceron. Non hai, insisto e non me cansarei de dicilo, explicación posible perante esta situación, totalmente inconcibible noutras cinematografías. *"El cine español es un enfermo crónico. Siempre lo he conocido en ese estado, pero ahora se oyen voces anunciando que puede morir. No lo creo, pero ello no me hace ser confiado, más bien todo lo contrario. Las crisis que el cine español sufre cíclicamente son expresión de un problema de fondo, de carácter estructural, sin resolver. Y aunque cierto cine sobreviva, otro desaparecerá para siempre".*



Sobre estas liñas: El Embrujo de Shangai, comezado por Víctor Erice (1998).
Á dereita: xunto a Jim Jarmusch e Win Wenders e con Elías Querejeta, Isabel Tellería e Ana Torrent.





INFORME AMNISTÍA INTERNACIONAL:

NEN@S SOLDADO

A Coalición Internacional para Acabar coa Utilización de Nenos Soldados, de Amnistía Internacional, fixo público o estudio máis completo ata hoxe sobre a situación dos nenos soldados no mundo. O informe sinala que os menores **combaten practicamente en todos os principais conflitos armados** do mundo, tanto nas filas gobernamentais como nas dos grupos armados de oposición.

No seu informe, a coalición denuncia a **falta de liderado** dos gobernos da Unión Europea, os membros G-8 e os representantes do Consello de Seguridade da ONU para acabar con esta práctica, e fixo un chamamento á comunidade internacional para que asegure a aplicación efectiva da prohibición do uso de nenos como soldados.

O '*Informe Global sobre Niños Soldados 2004*' examina a evolución do uso de nenos e nenas como soldados en **196 países entre 2001 e 2004**. Segundo este estudio, a pesar dalgúns éxitos, o recrutamento de menores en moitos conflitos mantívose ou creceu nese período. A fin de conflitos como o de Afganistán, Angola ou Serra Leona permitiu a desmobilización duns 40.000 nenos; sen embargo, ó mesmo tempo, só en Costa de Marfil e Sudán **máis de 25.000 nenos e nenas foron utilizados**.

Amnistía Internacional denuncia que coa ruptura dos compromisos dalgúns gobernos e a falta de liderado doutros, desvirtuouse o progreso alcanzado noutras áreas como a creación dun tratado de Nacións Unidas sobre nen@s soldados, a posta en marcha de varios programas de desmobilización de nenos ou o comezo dos primeiros procesos contra recrutadores de nen@s ante tribunais internacionais.

Sen sancións efectivas

Aínda que o Consello de Seguridade de Nacións Unidas condenou o uso de nen@s como soldados e investiga a quen os recrutan, algúns dos seus membros obstaculizaron o labor do consello ó opoñérense á imposición de sancións efectivas contra os recrutadores, segundo o informe.

A coalición insta por isto ó Consello de Seguridade a tomar **accións urxentes** para evitar o recrutamento de nen@s, aplicando sancións e favorecendo o procesamento de presuntos recrutadores perante o Tribunal Penal Internacional.

Os grupos armados, tanto paramilitares apoiados polos gobernos como de oposición, son os principais culpabeis do recrutamento e uso de nen@s soldados.

Ducias de grupos en máis de 21 conflitos recrutaron decenas de miles de nen@s dende 2001, forzándoos a combater, adestrándoos no uso de explosivos e armas, e expoñéndoos a todo tipo de violencia, **dende traballos forzados e tortura até violacións e abusos sexuais**.

Colombia, Congo, Sudán, EEUU...

Nenos e nenas do grupo armado Fuerzas Armadas Revolucionarias de Colombia, por exemplo, foron **sometidos a consellos de guerra** por infraccións disciplinarias e nalgúns casos outros nen@s foron obrigados a executalos.

Grupos armados do leste da República Democrática do Congo abusaron sexualmente e violaron ás nenas e forzaron ós nenos a matar ós seus propios parentes.

Polo menos en 10 conflitos, incluíndo Burundi, República Democrática do Congo, Myanmar, Sudán e Estados Unidos, os gobernos usaron nen@s, segundo Amnistía. Noutros, como os de Colombia, Uganda e Zimbabue, apoiaron a grupos paramilitares e milicias que usaron nen@s soldados. Estados como Indonesia e Nepal usaron nen@s como **informantes, espías ou mensaxeiros**.


Algúns gobernos, como Burundi, Indonesia e a Federación Rusa, **mataron, torturaron ou detiveron arbitrariamente a nenos sospeitosos** de apoiar á oposición armada. Nen@s palestinos detidos polas forzas israelís de ocupación foron torturados ou ameazados para convertelos en espías ou confidentes.

Segundo Amnistía, os gobernos occidentais tamén romperon os seus compromisos de protexer ás futuras xeracións ó proporcionaren armas ou adestramento militar a gobernos como os de Ruanda e Uganda que usaron nen@s e apoian grupos armados que teñen menores nas súas filas.

Ademais, polo menos 60 gobernos, entre eles Australia, Austria, Alemaña, Holanda, Reino Unido e EEUU recrutan, amparados polas leis, a moz@s de 16 e 17 anos.



Amnistía Internacional denuncia que os gobernos seguen a usar nenos soldado nos conflitos armados



COLEGIO DE GEÓGRAFOS

CONSTITÚESE A DELEGACIÓN TERRITORIAL GALEGA DO COLEXIO DE XEÓGRAFOS

O pasado sábado, 18 de decembro, constituíuse en Santiago de Compostela a Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos.

Ignacio Fernández López,
Presidente
Tlf.: 981 94 81 39
Correo E:
ignaciofl@mundo-r.com

O pasado 18 de decembro, coa presenza de *Álex Tarroja* e *Santiago Fernández*, Presidente e Secretario, respectivamente, do Colexio de Xeógrafos a nivel estatal, quedou constituída a **Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos**, nun acto celebrado na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade Compostelá, no cal estivo presente o Decano da devandita facultade, o tamén xeógrafo, *Rubén Lois González*.

Trala creación da propia Delegación, procedeuse á elección da súa Xunta de Goberno, da cal saíron elixidos os ferroláns *Ignacio Fernández López* e *Francisco Castillo Rodríguez*, como presidente e vicepresidente, respectivamente, ademais de *María José Piñeira Mantiñán*, como secretaria, *Rogelio López Romero*, como tesoureiro, e *Emilio Cuíñas Otero, Román Rodríguez González* e *Marina Vázquez Paz*, como vocais.

A Delegación en Galicia deste xove Colexio Profesional, creado en 2001, terá a súa sede en Santiago, pero pretende desenvolver as súas actividades e iniciativas ó longo de todo o territorio galego, mantendo unha estructura descentralizada e próxima ós colexiados.

E entre os seus obxectivos principais están ofertar servicios de apoio ó exercicio profesional, promover a calidade e a innovación, implantar redes de colaboración, ofrecer formación e actualización, respaldar as demandas dos xeógrafos...

Pero, nestes primeiros momentos, se cadra, a tarefa principal vai ser a de dar a coñecer á sociedade que é a Xeografía moderna, e como ten unha relación directa cos eidos da ordenación territorial, o desenvolvemento local, o medio ambiente, a cartografía e o tratamento dixital de variables espaciais, ou o ensino. Con isto preténdese que a Xeografía se incorpore efectivamente na vida social, política e económica de Galicia, de cara a que sexa unha disciplina coñecida, dinámica, comprometida e respectada, e que ofreza novas visións, novas análises e sobre todo novas solucións ós múltiples problemas territoriais que se están a producir.

IZAR

Logo de meses de negociación, a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e os sindicatos maioritarios de Izar asinaron un acordo marco sobre o futuro dos estaleiros públicos que contempla a segregación dos centros militares, a venda dos civís e a prexubilación duns 4.100 traballadores. Ambas partes quedaron satisfeitas e esperan que o acordo reciba "o visto bo" da CE.

A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e a mesa sindical de Izar (excepto ELA, CAT e CIG) asinaron o acordo marco sobre o futuro de Izar que garantirá a viabilidade dos estaleiros públicos españois e que contempla a segregación da actividade militar da civil.

O acordo suporá que **a actividade civil** se segrega da militar e **se mantén nos estaleiros de Sestao (Vizcaya), Sevilla, Gijón (Asturias) e Manises** (Valencia) **que**, segundo reza o acordo, **terán que ser vendidos en conxunto con acordo entre as partes**. Mentres, crearase unha nova empresa pública (bautizada provisionalmente como **New Izar**) para xestionar os estaleiros militares, que serán os ubicados en Ferrol (A Coruña), Cartagena (Murcia), Puerto Real e Cádiz, ademais de Fene (A Coruña) e que porán, ademais, acceder á actividade civil, sempre que non supere o 20 por cento da súa facturación.

Os sindicatos asinantes mostráronse **satisfeitos e** coincidiron en que "é o mellor acordo posible nunha situación moi difícil". O presidente da SEPI, Enrique Martínez Robles, cualificou o acordo de "equilibrado e razoábel" e dixo que confía en que recibirá "o visto bo" da Comisión Europea (CE).

*No **capítulo laboral**, o acordo contempla unhas 4.100 prexubilacións para os maiores de 52 anos e medidas de flexibilidade laboral. Así mesmo, queda fixado por escrito o compromiso da SEPI de buscar carga de traballo para os estaleiros, co fin de manteren a súa actividade no futuro.*

A CIG non asinou o xoves, día 17 de decembro, o acordo marco SEPI/IZAR-Federacións sindicais sobre IZAR, por considerar que aboca ó peche definitivo da factoría de IZAR Fene -que leva sen carga de traballo desde hai 18 meses- e deixa nunha precaria situación á de IZAR Ferrol. A CIG avalía negativamente as gravísimas repercusións que terá canto a redución de postos de traballo directos e indirectos e as perdas que suporiñerá para o conxunto da economía da comarca.

A perda de máis de 1.500 postos de traballo directos por prexubilizacións, xunto coa perda duns 2.000 postos de traballo máis nas empresas auxiliares, foi un dos elementos fundamentais que levou á CIG a rexeitar o acordo marco SEPI/IZAR asinado polos sindicatos estatais.

Para a CIG é gravísimo que non se concrete a carga de traballo que terá IZAR Fene (a antiga Astano) e que as factorías de Ferrol sexan as únicas que figuran conxuntamente dentro do reparto da carteira de novos contratos. Tanto Cartagena, como Puerto Real ou San Fernando teñen especificada a carga de traballo que lles corresponde de forma individual. Enténdese, polo tanto, que no caso das factorías galegas, o que se pretende é que repartan os escasos pedidos que hai entre ambas.

O acordo favorece claramente ás factorías andaluzas e, aínda que permite a Astano entrar na construción militar, introduce a Puerto Real no mercado militar converténdoo no principal competidor de IZAR Ferrol.

I Z A R

«...no caso das factorías galegas, o que se pretende é que repartan os escasos pedidos que hai entre ambas.
O acordo favorece claramente ás factorías andaluzas...».



ESTADO ESPAÑOL - MEMORIA HISTÓRICA

O OUTRO ARQUIVO DA GUERRA CIVIL

Asinado por M.G. Pérez no xornal "La Crónica de León"

Un documento pode cambiar a historia. Quizabes non a mundial, nin sequera a estatal, pero si a de centos de persoas, probablemente miles, que descoñecen múltiples aspectos sobre o que pasou cos seus pais, nais, irmáns, curmáns e demais familia durante a Guerra Civil española e que tampouco saben que algúns dos obxectos persoais dos seus familiares poden atopalos nun Arquivo.

Se cadra tampouco é coñecido que unha boa parte das persoas procesadas durante o conflito e a ditadura franquista tiveron xuízos militares, e estes foron recollidos palabra por palabra, punto por punto, en follas que se gramparon xunto ós seus certificados de nacemento, cartas e outros documentos que hoxe se atopan gardados entre miles de caixas colocadas en longas ringleiras de andeis na parte xudicial do Arquivo Intermedio da Rexión Militar Noroeste situado en Ferrol (A Coruña).

Este centro, dependente do Tribunal Militar da rexión noroeste e xestionado polo comandante Romero Batallán e o tenente Taboada, ofrece tamén causas abertas de persoas mortas durante os anos da represión franquista, declaracións de espías detidos polos gardas e incluso confesións de homes que traballaron na sombra ó servicio da garda de Franco para denunciar ós rebeldes.

Todos eles se atopan entre as 300.000 causas que alberga o fondo xudicial deste centro e dese total, aproximadamente un 60 por cento, é dicir 180.000, son da Guerra Civil. Estes documentos fan referencia ás rexións de Castela e León, Galicia, País Vasco, Asturias, Cantabria, Navarra e A Rioxa. En concreto, da comunidade castelá e leonesa hai de Burgos, León, Palencia, Salamanca, Soria, Valladolid e Zamora. Os de Ávila están no Arquivo militar abulense e os de Segovia no Alcázar.

O Arquivo Militar de Ferrol alberga máis de 300.000 causas administrativas e xudiciais.

Oito quilómetros de andeis cheos de historias, de nomes propios unidos a un número dunha causa na que se fala da súa vida, do seu presente, do seu pasado e do seu futuro, un futuro en moitas ocasións negro perante as sentencias de morte decretadas polos tribunais que os acusaban de bandoleiros, contrarios ó réxime e demais delitos que se redactaban cun "Viva España" ó final de cada un deles. Franco e as súas accións se atopan presentes tamén neste edificio con outros moitos símbolos como unha gran talla de madeira coa aguia da bandeira franquista á entrada do arquivo xudicial.

A información existente en Ferrol é tan ampla que se pode atopar –gracias á información facilitada polo investigador Santiago Macías (vicepresidente da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica)– incluso unha causa do avó do presidente do Goberno, José Luis Rodríguez Zapatero, Juan Rodríguez Lozano, na que están todos os detalles do xuízo que tivo en 1934 por escribir no periódico *El Socialista*. Nesta carpeta está incluso a carta persoal que el mesmo enviou ó director de dito periódico e a súa sinatura orixinal ó final de cada declaración.

Atopar esta carpeta, perdida entre miles de nomes e folios, fai recordar como se tratou ó avó de Zapatero durante os anos da Guerra Civil e antes de que fose fusilado en 1936 polo réxime franquista. Así, e aínda que a causa que se atopa en Ferrol non é a que determinou a súa pena de morte, demostra que se remontaron até 1934 para buscar delitos que puidesen acusalo da súa oposición ó novo goberno de España. Con estes documentos, de cuxa existencia e paradoiro está informado o propio presidente –segundo Macias– demóstrase unha vez máis o carácter dunha das persoas que máis influíu no actual dirixente do Executivo nacional e cuxo testamento, que lle leu o seu pai a el e mais ó seu irmán, provocou a súa entrada na política.

Nomes mal escritos, faltas de ortografía nalgunhas das causas redactadas en ocasións a man, detalles da autopsia e do traslado dos cadáveres, "levados nun carro de transportar vacas", atópanse en cada un dos documentos redactados e recompilados neste enorme e frío edificio, o único vestixio do que no seu día foi a muralla que defendía a Ferrol, cidade á que se coñeceu durante varios anos co sobrenome *"Del caudillo"*.

A presencia de fotografías, cartas e obxectos persoais, como anacos de pantalón e diñeiro falso, nestas causas é moi habitual nos fondos deste Arquivo intermedio, no que só se pode entrar trala concesión dos permisos pertinentes. Así, unha delas, que ocupa máis de dúas caixas de grandes dimensións, contén todas as instantáneas que un espía británico sacou de cada un dos portos de España e que foron incautadas pola policía franquista cando foi detido. ☸



MANIFESTO DA CEAPA

(CONFEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO ESTADO)

POR UNHA SOCIEDADE LAICA A RELIXIÓN FÓRA DA ESCOLA

AGORA, MÁIS QUE NUNCA, POR UNHA ESCOLA LAICA TERCEIRA DECLARACIÓN (NOVEMBRO DE 2004)

En xaneiro de 2004 diversas organizacións iniciamos unha campaña "Por unha sociedade laica: a relixión fóra da escola", co obxectivo de responder á provocación da LOCE, unha lei que reforzaba o adoutrinamento relixioso no sistema educativo, e reforzaba a ensinanza concertada católica e o segregacionismo social.

Os decretos do actual goberno paralizaron, en parte, a LOCE. Esta foi unha medida a aplaudir, xa que significou a conxelación de medidas regresivas que a LOCE quería impulsar. A apertura, por parte do Ministerio de Educación e Ciencia, dun debate social sobre o futuro da ensinanza é un paso adiante que compartimos.

Agora, máis que nunca, é o momento de esixir o avance no laicismo escolar, xa que o noso sistema educativo está impregnado de catolicismo por dúas razóns esenciais:

1ª) porque as administracións financian, masivamente, os colexios católicos, baixo un réxime de concertos, inxustificable dende un punto de vista social

2ª) porque unha lexión de catequistas católicos imparte adoutrinamento relixioso ós nenos e nenas na escola pública.

As organizacións que apoiamos esta campaña reafirmamos que o adoutrinamento relixioso debe quedar fóra do currículo escolar e da escola. A escola é un lugar para saber e non para crer.

Por isto, avogamos por un modelo de escola laica, que eduque sen dogmas, en valores humanistas e universais, na pluralidade e no respecto ós dereitos humanos, na asunción da diferenza e da diversidade, e nos valores éticos, non sexistas e democráticos. Queremos unha escola onde se sintan cómodos tanto os non crentes, como os crentes das diversas relixións ou crenzas.

Non se pode argumentar que o Acordo co Vaticano de 1979 sexa o muro insalvable para avanzar até a escola laica. Por isto, esiximos a súa denuncia e derrogación. Tampouco existe mandato constitucional ningún de que a escola deba garantir o adoutrinamento relixioso. A historia crítica das relixións e o feito relixioso e non relixioso ten que estudiarse incorporado ó currículo de Humanidades.

A sociedade demanda unha secularización máis intensa da vida pública, e non aceptaremos fórmulas para que a relixión siga xerando distorsións no ámbito escolar.

As organizacións que firmamos esta declaración impulsamos unha campaña, de ámbito estatal, co fin de que a relixión saia da escola e se profundice no laicismo escolar e na escola pública.

«As organizacións que apoiamos esta campaña reafirmamos que o adoutrinamento relixioso debe quedar fóra do currículo escolar e da escola. A escola é un lugar para saber e non para crer».

ESIXIMOS A DERROGACIÓN DOS ACORDOS CO VATICANO

ESIXIMOS QUE A RELIXIÓN SAIA FÓRA DO CURRÍCULO ESCOLAR

ESIXIMOS QUE CON DIÑEIRO PÚBLICO NON SE PAGUE O ADOUTRINAMENTO RELIXIOSO


SI A UNHA ENSINANZA CIENTÍFICA E HUMANISTA, QUE PROPICIE UNHA EDUCACIÓN PARA A INTERCULTURALIDADE, QUE DEFENDA A LIBERDADE DE PENSAMENTO E DE CONCIENCIA E QUE EDUQUE EN VALORES DEMOCRÁTICOS E DE CIDADANÍA.



O VENRES,
22 DE OUTUBRO
DE 2004
CONFERENCIA
NO ATENEO
FERROLÁN.

YAK 42,
A LOITA POLA VERDADE

por CARLOS RIPOLLÉS



CARLOS RIPOLLÉS BARROS

44 anos, casado e con dúas fillas. Naceu o 23 de novembro de 1959 en Sidi-Ifni (Ifni). Fillo de Militar. Coronel de Enxeñeiros. Irmán do Comandante de Enxeñeiros José Manuel Ripollés Barros, falecido no accidente do Yak-42 en Trabzon (Turquía o pasado 26 de maio de 2003). Diplomado Universitario e experto en Criminoloxía e Investigación Privada. Traballa na Empresa Privada (Transporte e Loxística) como Experto en Prevención de Perdas, Control de Riscos e Calidade Total. Actualmente Presidente da Asociación de Familiares de Víctimas Acidente Turquía Yak-42.

Ó longo dos últimos 15 anos máis de 50.000 Militares e Gardas Civís españois participaron moi activamente en cerca de medio centenar de misións de paz e de axuda humanitaria, no que sen dúbida constituíu unha das actividades das Forzas Armadas que tiveron maior repercusión e recoñecemento tanto internacional como na sociedade española.

Acorde co firme compromiso do noso país a favor do mantemento da paz e a seguridade no mundo e o apoio ós pobos máis desvalidos, a presenza dos Militares españois estendeuse ó longo e ancho de catro Continentes –Europa, América, África e Asia– tanto en zonas asoladas por conflitos como por catástrofes naturais.

Os nosos soldados están en Afganistán integrados como membros da Forza Internacional de Asistenza á Seguridade (ISAF), formando parte do continxente multinacional que apoia en Qabul ó goberno provisional afgano dende xaneiro de 2002, trala caída do réxime dos talibáns.

A seguridade das institucións afganas, a distribución de axuda humanitaria, a contribución ó desenvolvemento das infraestructuras, a rehabilitación de colexios, hospitais, edificios públicos, pontes e estradas e o desminado da zona, continúan sendo hoxe en día as principais misións da ISAF.

FALECIDOS NACIDOS EN GALICIA

Comandante de Infantería
D. Antonio Novo Ferreiro
(Guitiriz, Lugo)

Brigada do EA.
D. José Manuel Pazos Vidal
(Marín, Pontevedra)

Brigada do ET.
D. Cesar Barciela Gonzalez
(Vigo, Pontevedra)

Cabo 1º do EA.
D. Vicente Agulló Canda
(Lalín, Pontevedra)

Para o desenvolvemento desta misión, o Estado Maior da Defensa puxo en marcha un complexo proceso de planeamento da loxística operativa necesaria para o traslado e o sostemento da Forza nunha zona tan afastada do territorio nacional, nun país sen recursos.

A proxeción das expedicións comezou a partir de febreiro de 2002 coa saída da primeira Forza Española para Afganistán (ASPFOR) "AFGHANISTAN SPANISH FORCE"...

E aquí comeza a clave de cómo viaxaban os nosos militares e de cómo a catástrofe do Yakovlev-42 D puido evitarse, cando na madrugada do 26 de maio de 2003 un avión de fabricación Rusa, o Yak-42 D, cunha tripulación Ucraína, estrelouse nas abas do monte Pilav nas proximidades de Trabzon (Turquía).

Morren 75 persoas: 62 Militares españois, 12 Ucraínos e 1 Belorruso. Dos 62 Militares españois 40 son do ET, 21 do EA e 1 Garda Civil.

Traballamos por dous obxectivos: polos que se foron e polos que están...pero o loito non comezou aínda.

A Asociación funcionou como un pequeno Ateneo. Non importou a orde do estabelecido, senón a coherencia coas nosas propias ideas.

Sabiamos que non nos dicían a VERDADE e ELES a merecían.

UNHA TESTEMUÑA GRÁFICA: O DERRADEIRO MAIL DO COMANDANTE RIPOLLÉS:

"De mi regreso sólo te puedo decir que de momento a día de Jueves nos han cambiado un par de veces el regreso y con lo último parece ser que salimos el Domingo 25MAY03 sobre el medio día y llegamos a Torrejón sobre las 07´00h. Claro está eso sin contar con los retrasos a los que nos tienen acostumbrados los transportes que salen de la zona, como te puedes imaginar no son aviones nuestros sino alquilados a un grupo de piratas aéreos que en condiciones límites transportan nuestro material y personal, te hablo de los Tupolev, Yakolev,............... vamos como el avión, bueno mejor dicho, el "vion" que tuvo una apertura fortuita en Africa y fueron succionados los pasajeros, la verdad que con sólo ver las ruedas y la ropa tirada por la cabina de la tripulación te empieza a dar taquicardia, ..."

(Mail del Comandante José Manuel Ripollés Barros –Jefe PLMM ASPFOR IV BURGOS- KABUL (AFGANISTAN) enviado a las 5:51 del jueves 22 de mayo de 2003.

é:
FIN

400 ANOS DE AVENTURAS E FAZAÑAS DO CABALEIRO DA TRISTE FIGURA

DON QUIXOTE 1605-2005



EL INGENIOSO HIDALGO DON QVIXOTE DE LA MANCHA,
Compuesto por Miguel de Ceruantes Saauedra.
DIRIGIDO AL DVQVE DE BEIAR, Marques de Gibraleon, Conde de Benalcaçar, y Bañares, Vizconde de la Puebla de Alcozer, Señor de las villas de Capilla, Curiel, y Burguillos.
Año, 1605.
CON PRIVILEGIO,
EN MADRID, Por Iuan de la Cuesta.
Vendese en casa de Francisco de Robles, librero del Rey nro señor.

En 1605 publicouse a primeira edición de "*El Ingenioso Hidalgo Don Quijote de la Mancha*", a obra máis universal da literatura española.


Neste sentido, Castela-A Mancha ten a responsabilidade de liderar a celebración do IV Centenario homenaxeando ó inxenio da obra e a constelación de soños e realidades que representa a figura do *Quixote*.

Será un acontecemento aberto, porque o universo que xira ó redor desta figura é case infinito. *Don Quixote* é un personaxe da Mancha, pero patrimonio de toda a humanidade. O obxectivo é que este Centenario sexa único pola súa capacidade para concitar, mobilizar e motivar á sociedade e os axentes socioeconómicos, a través de compartir unha visión operativa.

O ano 2005 preséntase como unha ocasión única para vincular os principios que representan o símbolo de *Don Quixote* e que emanan da novela coa realidade actual e dinámica de Castela-A Mancha.

X
QVI-
XOTE
IV Centenario Don Quijote de La Mancha



IN MEMORIAM: SUSAN SONTAG
Faleceu o día 28 de Decembro de 2004



Susan Sontag (Nueva York, 1933) licenciouse en Filosofía e Letras polas universidades de Chicago e Harvard. En 1963 publicou a súa primeira novela, "El benefactor", e pouco despois os ensaios "Contra la interpretación" (1966) e "Notas sobre lo camp". Foi enviada como periodista á guerra de Vietnam en 1968, conflito que a impactou profundamente. Sempre interesada no cine, viaxou a Suecia, onde rodou "Duelo de caníbales" (1969) e "Hermano Carl" (1971), escribindo á vez libros como "Viaje a Hanoi" (1968) e "Estilos radicales" (1969).

En 1972 escribiu "Bajo el signo de Saturno" (publicado en 1980) e en 1973 filmou ás tropas israelís na guerra de Oriente Medio dirixindo unha película nos Altos do Golán titulada "Tierra prometida". Enferma de cancro, escribiu "La enfermedad y sus metáforas" (1978). Publicou "El sida y sus metáforas" (1988). Escribiu sobre cine e teatro e editou textos escollidos de Roland Barthes e Antonin Artaud. En 1992 publicou "El amante del volcán" e en 1993 acudiu a Saraxevo, onde impartiu clases na Academia Dramática e montou a obra "Esperando a Godot" (xunto con outros intelectuais). A súa novela "En América" (1999) foi galardoada co Premio Nacional do Libro de Estados Unidos e o Premio do Libro de Xerusalén.


Cofundadora en 1993 do Parlamento Internacional de Escritores, en 1994 recibiu o Premio Montblanc polo seu labor cultural en Bosnia.

Susan Sontag era coñecida polo seu interese por temas variados que ían dende o ballet á fotografía. Grande activista en favor dos dereitos humanos durante toda a súa vida. Premio Príncipe de Asturias das Letras 2003.




CONFERENCIA SOBRE JOSÉ CANALEJAS MÉNDEZ
polo Sr. D. José Luis Abellán, Presidente do Ateneo de Marid


JOSÉ LUIS ABELLÁN é catedrático de Filosofía na Universidade Complutense de Madrid, onde se doutorou en 1961. Foille concedido o *Premio Nacional de Ensayo* en 1981; representou a España na UNESCO (1983-86), deu cursos e conferencias en España e en numerosos países de Europa e América Latina, sendo a súa especialidade máis destacada a de historiador das ideas. Entre os seus numerosos libros destacan *El erasmismo español*, *La idea de América: origen y evolución*, *Sociología del 98*, *El 98 cien años después*, *El exilio filosófico en América: los transterrados de 1939*, *El exilio como constante y como categoría*, ademais de moi variadas antoloxías e edicións. Pero sen dúbida é sobre todo coñecido pola súa *Historia crítica del pensamiento español* (7 vols.; 1979-1992), monumental estudio sobre a historia da filosofía en España. Está en posesión da *Encomienda de Alfonso X el Sabio*, concedida en 1999. Actualmente é Presidente da *Asociación Cultural de Amistad Hispano-Mexicana* e do *Ateneo Científico, Literario y Artístico de Madrid*. Tamén Vicepresidente da Asociación de ATENEOS DE ESPAÑA, Entidade que propiciou e axudou economicamente para a realización desta homenaxe. Na Exposición Documental, ademais do ATENEO DE MADRID tamén aportaron materiais, a Concellería de Cultura do CONCELLO DE FERROL, a BIBLIOTECA DA ARMADA e o PAZO DO MONTE de Ferrol.




O pasado 27-XI-04 celebrouse no fermoso Mosteiro de Santa Catalina en Monfero a 3ª Festa que ven organizando cada ano a ASOCIACIÓN DE AMIGOS deste Mosteiro. Celebramos e apoiamos o tesón deste grupo de valentes que teiman soster, recuperar e darlle o esplendor que merece este espléndido monumento do patrimonio cultural e histórico artístico, situado nun enclave singular de FERROLTERRA.









XORNADAS DE LEMBRANZA E HOMENAXE no ATENEO FERROLÁN:

ALMIRANTE ANTONIO AZAROLA

UNHA VÍTIMA DA FIDELIDADE E UN EXEMPLO DE RESPECTO Á LEGALIDADE CONSTITUCIONAL DA REPÚBLICA (1936)



O día 2 de novembro inaugurouse unha exposición de RECORDOS E DOCUMENTACIÓN DO ALMIRANTE AZAROLA. O día 6, PLÁCIDO CARRO LAMAS fixo unha fermosa exposición deste interesantísimo á vez que esquecido persoaxe.

ANTONIO AZAROLA GRESILLÓN era fillo do médico D. José María Azarola, naceu en Tafalla, era o menor dunha familia de tres varóns, pasou toda a súa nenez en Montevideo, capital de Uruguai, pois alí se trasladou xunto cos seus pais e irmáns sendo moi neno.

Antonio regresou a España sendo un adolescente, impulsado polo desexo de ingresar na Mariña de Guerra. Director da Escola Naval de San Fernando, Agregado Naval na Embaixada en París, Xefe do Estado Maior da Armada, Subsecretario de Mariña en 1932 co ministro Giral e Ministro de Mariña no Goberno de Portela Valladares a principios do ano 1936.

Home dunha grande cultura, falaba varios idiomas, era unha persoa de fortes convicións relixiosas, un mariño de honor, un pai cariñoso e un marido exemplar.

Cando se fai efectiva a sublevación militar, chega unha orde telegráfica, cursada sobre o Ministerio de Mariña: ordénase ó Cruceiro "Libertad", cunha dotación de 560 homes, que saia a toda máquina. Isto prodúcese ás 8.00 horas da mañá do 18 de xullo.

Ese mesmo día e á mesma hora, danselle ordes por radio ó Almirante da Escuadra dende Madrid, indicándolle que debía saír coa súa escuadra, coa máxima présa, en direción Alxeciras e alí recibiría instrucións.

Mentres, no despacho do presuntamente cesado Xefe do Estado Maior, Capitán de Navío, Manuel Vierna, seguen reuníndose os conspiradores, para que dunha vez por todas se declare o estado de guerra.

Á decisiva reunión da mañá do 20 de xullo, convocada polo Vicealmirante Núñez, Azarola xa non asiste. Informes posteriores recollen o seguinte texto:".... O Contraalmirante Excelentísimo Señor Azarola y Gresillón, non asistiu á reunión alegando que se trataba dun acto antigobernamental, poñendo de relevo, con esa actitude, a súa posición contraria ó glorioso alzamento nacional".

O día 3 de agosto de 1936 ás 6:30 horas foi FUSILADO na parte traseira do Cuartel de Dolores.






O 26-11-04, o noso amigo e gran artista PACO GARCÍA REY inaugurou unha nova sala de exposicións, no HOTEL SILVA, cunha mostra fermosísima da súa máis recente obra de acuarelas. Felicitacións para Paco e felicitacións para os xestores do devandito hotel polo acerto de abrir este espacio de cultura no seu establecemento.



SAUDAMOS a estrea dunha nova Revista de INFORMACIÓN MUSICAL GALEGA **"DISTRITO&SON"**

De seguro gustará e servirá de moito á xuventude da nosa terra.





EN DEFENSA DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO


O XACEMENTO DE CAL-DO VAL
¿QUÉ SENTIDO TEN O TRASLADO?

UNHA VEZ MÁIS A MENTIRA E A ESPECULACIÓN

SE MASACRA O PATRIMONIO DE TOD@S POIS SE RETIRA DO SEU CONTEXTO QUE É O QUE LLE DA VALOR.

A RAZÓN:
DEIXALO ESPAZO PARA DUPLICÁLO DISPARATE,
OUTROS DOUS TANQUES MONSTRUOSOS E INÚTILES NONOS CANSAREMOS DE DICILO ...

¡NON PODERÁN ENTRAR EN FUNCIONAMENTO!



IN MEMORIAM:

AGUSTÍN SIXTO SECO (1926-2004)

Faleceu o día 30 de Decembro de 2004 en Santiago de Compostela.



Mugardes de nacemento, de profesión Médico e de oficio Activista Cultural. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela, cidade onde desenvolveu o seu traballo como especialista en ortopedia e traumatoloxía. Asemade, tivo diferentes cargos en numerosas entidades como a de Presidente da S.E.C.O.T (Sociedade Española de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía) dende 1982, membro numerario da S.I.C.O.T (Sociedade Internacional de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía), así como membro honorario da correspondente Sociedade Arxentina da mesma especialidade e da Felow do International College of Surgeons. Pola súa andaina profesional foi galardonado co Premio Nacional de Ortopedia no ano 1970. En canto ao seu labor a prol da cultura galega cómpre salientar que presidiu o **Padroado Rosalía de Castro**, a **Fundación Otero Pedrayo**, foi membro fundador de **Padroado do Museo do Pobo Galego**, participou nos Consellos de Administración de Galaxia, da editorial S.E.P.T (Sociedades de Estudios, Publicacións e Traballos), da Fundación Penzol, do Instituto Galego de Información e foi Secretario do Consello da Cultura Galega. Era, dende 1980, membro correspondente da **Real Academia Galega**.



FALECEU D. JOSE GABEIRAS MONTERO

FILLO PREDILECTO DE FERROL E PRESIDENTE HONORIFICO DO COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA PARA A RIA DE FERROL



Comité Cidadan de Emerxencia. Ferrol- Domingo 2 de enero de 2005.- Na madrugada do domingo 2 de xaneiro de 2005 faleceu en Madrid D. José Gabeiras Montero, Fillo Predilecto de Ferrol, Xeneral do Exército e Presidente de Honor do Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol. Os seus restos foron trasladados á Iglesia de Ares (núcleo de poboación principal de dito concello), para o funeral de corpo presente.

Ó Xeneral D. José Gabeiras Montero se lle recoñece un papel fundamental en defensa da Democracia española e da libertad, cando como Xefe do Estado Maior do Exército en 1981 se opuso ós intentos do golpe de estado do chamado 23-F. Ademáis D. José Gabeiras tivo unha preocupación polo deterioro medioambiental en Galicia e pola súa terra, polo que en Xulio de 2001 o Comité Cidadán lle propuso a presidencia Honoraria que él acepto moi amablemente.

Ademáis D. José Gabeiras publicou varios artigos no diario La Razón, un deles titulado "Muros de Silencio" sobre a opacidade dos medios de comunicación e as autoridades, no tratamento de informacións e versións distintas ás dos promotores de Reganosa.



CONVOCATORIAS

O próximo mes de marzo-05 corresponde a renovación da XUNTA DIRECTIVA deste ATENEO. Dende ATENEA facemos un chamamento para acadar esa necesaria e de seguro beneficiosa RENOVACIÓN. Coa garantía do cumprimento dos ESTATUTOS, pedimos abertamente colaboradores para conformar un equipo amplo e variado para achegar responsables e colaboradores das diversas áreas de actividade e outras novas que podamos desenvolver. Con valentía e toda confianza, dirixir as vosas ofertas á atención exclusiva e reservada do PRESIDENTE.

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Ferrol 10 de xaneiro de 2005

Benquerido socio/a:

Por medio da presente convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria que se celebrará no Salón de Actos da nosa entidade, o mércores día 2 de marzo ás 19,30 horas en primeira convocatoria e ás 20 horas en segundo, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación da Acta da Asemblea Xeral anterior. 2.- Informe de xestión da Xunta Directiva saínte. 3.- Informe económico da Xunta Directiva saínte. 4.- Rogos e preguntas. 5.- Elección da nova Xunta Directiva

O proceso electoral rexirase polo estabelecido no Capítulo XI dos Estatutos segundo o seguinte calendario:

21 de xaneiro	Convocatoria de Eleccións
25 de xaneiro	Último día para posible impugnación da Convocatoria de Eleccións
28 de xaneiro	Último día para Constitución da Mesa Electoral
7 de febreiro	Último día para presentación de Candidaturas
11 de febreiro	Último día para proclamación de Candidaturas
14 de febreiro	Inicio da Campaña Electoral
2 de marzo	Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria Elección da nova Xunta Directiva

No período da Campaña Electoral (entre os días 14 e 28 de febreiro) tódalas Candidaturas poderán utiliza-lo Censo de Socios/as, así como dispoñer das dependencias do Ateneo Ferrolán para desenvolve-la súa campaña.

Sen máis e agardando a túa asistencia, recibe un cordial saúdo da Xunta Directiva,

Asdo.- ELISEO ZAERA RÍOS

Presidente

MEMORIA DE ACTIVIDADES

BIBLIOTECA – HEMEROTECA :

Nº DÍAS: 300
ASISTENCIA ESTIMADA: 650

· FONDO LIBROS:7.054
· REVISTAS:286 CABECEIRAS
· PERIÓDICOS:106 CABECEIRAS (COLECCIÓNS COMPLETAS)
· VIDEOTECA: 386
· PRÁCTICAS ALUMNOS BIBLIOTECONOMIA–CAMPUS FERROL–100 HORAS (4 ALUMNOS) .

EXPOSICIÓNS DE PINTURA:

Nº: 8
DÍAS: 120
ASISTENCIA ESTIMADA: 320

– MIGUEL PIÑEIRO
– FRANCISCO OTI RIOS
– CARMEN SERRA GARCÍA
– MARIBEL GARROTE
– MARTA GONZÁLEZ MARTÍN
– Mª JESÚS CARRASCO MOHEDAS
– JORGE TELLO
– MERCEDES ROMERO

EXPOSICIÓNS VARIAS:

Nº: 7
DÍAS: 150
ASISTENCIA ESTIMADA: 600

– ESCULTURAS de JUAN VILA CASTRO
– RETACERIA de MARUXA MARTÍN
– TAPICES de CONCHA VELASCO
– I EXPOSICIÓN DE PEQUENO FORMATO
– DÍA DA CLASE TRABALLADORA – EXPOSICIÓN RETAZOS DO PCG
– EXPOSICIÓN HOMENAXE A UN PINTOR FERROLÁN no CENTRO CULTURAL "TORRENTE BALLESTER".ESTE ANO DEDICADO A CARLOS MERINO
– 14º CERTAME FOTOGRÁFICO DE MEDIO AMBIENTE - EXPOSICIÓN 50 FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS.

CONFERENCIAS – MESAS DEBATE:

Nº: 12
DÍAS: 18
ASISTENCIA ESTIMADA: 850

– "O ESTADO DA RÍA DE FERROL DESPOIS DO PRESTIGE" por IRENE DELGADO FERNÁNDEZ.
– DÍA DA MULLER TRABALLADORA
– PLANTA DE GAS
– YAK 42 , LA LUCHA POR LA VERDAD" por CARLOS RIPOLLÉS
– "O ALMIRANTE AZAROLA" por PLÁCIDO CARRO
– "XORNADAS SOBRE MOBING" (Acoso no Traballo)
– DEBATE: DÍA DA REPÚBLICA Ás 20 horas. Salón de Actos.
– HOMENAXE A JOSÉ CANALEJAS MÉNDEZ
– CONFERENCIA CAUSA ÁRABE
– VICTIMAS DO AMIANTO
– PLANTA BRION
– OBXECCIÓN FISCAL

CONCURSOS – CERTAMES PROPIOS:

Nº: 3
ASISTENCIA ESTIMADA: 350

- CERTAME FOTOGRÁFICO "MEDIO AMBIENTE". – ANUAL
- CONSURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" - ANUAL
- CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA" - ANUAL –



ATENEO FERROLÁN ANO 2004

REUNIÓNS (OUTRAS ENTIDADES):

Nº: 35
DÍAS: 40
ASISTENCIA ESTIMADA: 360

- A ESCOLA DA VACA.
- IU - EU
- FUCO BUXÁN
- BNG
- CONSELLO SECTORIAL MULLER
- ADEGA.
- ACOF
- MERCADO DA MAGDALENA
- AA. VV.
- OJE
- SINDICATO PERIODISTAS
- MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES
- COLECTIVO "MAR DE TINTA"
- SGHN
- AMICOR
- COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL
- AFAL

ENCONTROS:

Nº: 108
DÍAS: 90
ASISTENCIA ESTIMADA: 70

- CLUB DE LECTURA DIRIXIDO POR ANXELES SEOANE - MENSUAL.
- CIRPÉN (CÍRCULO DE PENSAMENTO) - MENSUAL
- GRUPO POETAS - SEMANAL
- COLECTIVO OPAII - SEMANAL
- MÉRCORES DE TERTULIAS - SEMANAL
- CLUB EUROSAÚDE – MENSUAL
- COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL

MÚSICA - LIBROS – CINE:

Nº: 5
DÍAS: 75
ASISTENCIA ESTIMADA: 950

- MARTES DE CINE – COLECTIVO OPAII – RADIO FILISPIM
- XORNADAS DE CURTAMETRAXES
- PRESENTACIÓNS LIBROS
- CONCERTOS
- XORNADAS DA GAITA

PUBLICACIÓNS: REPARTO GRATUITO ESTATAL A SOCIOS /AS, ENTIDADES CULTURAIS E BIBLIOTECAS

- REVISTA "ATENEA" – TRIMESTRAL
- CADERNOS ATENEO FERROLÁN - ANUAL

RELACIÓNS INTERNACIONAIS DE ATENEOS

- ATENEO FERROLAN:
  * ASOCIADO E MEMBRO DA DIRECTIVA (VOCAL) DE AIFA. PRESENCIA / PARTICIPACIÓN NA XUNTA DIRECTIVA EN MÉXICO D.F. (AGOSTO 2004).
  * MEMBRO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ATENEOS. PRESENCIA / PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA ANUAL EN MADRID (NOVEMBRO 2004).

EXPOSICIÓN – HOMENAXE ANO 2005

O Ateneo Ferrolán **dende o ano 96** e continuadamente durante os últimos 8 anos, dentro da súa promoción das **ARTES PLÁSTICAS**, vén dedicando unha homenaxe a un artista da nosa comarca, por medio da organización dunha **EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA** que vimos realizando, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña e a Concellería de Cultura do Concello de Ferrol, mostra que se realiza nas salas de exposicións do Centro Cultural Municipal "Torrente Ballester", con grande aceptación e concorrencia de público en xeral.


Poderiamos dicir, como recordatorio que, as últimas homenaxes foron dedicados ós pintores ferroláns:

Carlos Villaamil
Francisco Iglesias
Ricardo Segura Torrella
Xan Xosé Braxe
Tomás Barros
José Leyra Domínguez
Ricardo Pena López
e Carlos Merino

A próxima **Mostra de Homenaxe** está dedicada á figura do pintor ferrolán:

LUIS JAIME

sendo a inauguración o próximo mes de abril-maio no Centro Cultural "Torrente Ballester"



Para a realización destas Exposicións de Homenaxe, vimos contando tódolos anos coa valiosa colaboración da Deputación Provincial de A Coruña, por medio da edición e publicación dun catálogo, coa elaboración do mesmo na imprenta do colexio "Calvo Sotelo" e a Concellería de Cultura do Concello de Ferrol.

CLUB DE LECTURA



Os días 4 de Xaneiro, 1 de Febreiro e 1 de Marzo ás 19.30 hrs.

Encontros coa LECTURA,
baixo a coordinación de

ÁNXELES SEOANE

Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.




MARTES DE CINE

O **Colectivo Opaíí!!** e o **Ateneo Ferrolán** continúan co seu ciclo de música e cine.

As proxeccións terán lugar no Ateneo Ferrolán o a partir das 20:30 h.


A entrada é de balde, aínda que haberá a disposición dos asistentes material promocional de apoio ao colectivo: fanzine, camisolas, chapas...


Pregase puntualidade.











Sábado 8 de Xaneiro

Reunión AGAVIDA

ás 12 h. no Salón de Actos

Do 28 de Xaneiro ó 9 de Febreiro

Exposición de

CARLOS PORTOMEÑE

9, 10 e 11 de Febreiro

III XORNADAS MOBING

Salón de Actos

Todos os Mércores

TERTULIA ás 18 horas.

Tódolos últimos Xoves de cada Mes

AMICOR ás 20 horas.

Próxima xuntanza 27 de xaneiro.



LEMBRANZAS DE...

RICARDO PENA

Naqueles tempos (refírome ós da República) falábase moito de política entre a clase obreira, porque (creo eu) a cantidade de cambios de goberno que existían daban pé para iso. O "Heraldo de Madrid" era o xornal máis lido pola clase obreira. É triste ter que dicilo, mais naquel tempo había moita xente analfabeta entre a clase obreira, e por conseguinte podíase ver a miúdo un home lendo o xornal para un grupo de catro ou cinco. Esta falta de formación e de educación da que por desgracia carecía a maior parte da xente, foi a causa de que se cometeran algunhas barbaridades que só serviron para crear un clima de descontento e odio. Queima de igrexas, asalto dunha gran manifestación ó convento de monxas da ensinanza sito na rúa Rochel, lanzar os mobles do Casino á rúa e plantarlles lume, ... e así unha serie de parvadas que máis tarde tivemos que lamentar todos.

Eu pasei polo catolicismo e tamén polo protestantismo, profundando na lectura do Antigo Testamento e tamén no Novo Testamento; e ó chegar ó discurso de San Pablo no Areópago de Atenas, anunciando "Al Dios no conocido" (Feitos dos apóstolos cap. 17 e vers. 23 e seguintes) creo non ser ateo, mais si agnóstico (non Gnóstico) e ideoloxicamente me considero un bo demócrata respectando as ideas de todos, e mentres sexan respectadas as miñas impórtame pouco que os demais as canten, as recen ou se desfracen de cofrades.

Non debemos esquecer que a tristemente lembrada guerra civil, e chamóuselle polos seus autores "A cruzada", e unha cruzada é unha guerra relixiosa; e mira por onde temos aquí unha sabia advertencia do famoso Quixote: ...."Sancho, con la iglesia hemos topado".

Lembro tamén que os partidos políticos estaban afeitos a intercambiárense algúns "piropos" por medio de xornais que os uns e os outros imprimían para logo repartilos na localidade co fin de facer propaganda e atacar ó adversario. E resulta que o alcalde de Serantes tiña un papagaio que só sabía dicir "Lorito Real", e o señor alcalde empeñábase en ensinarlle a dicir "Lorito Republicano"; mais o ditoso papagaio lle contestaba: "Lorito Real". E resulta que un bo día se lle morre o papagaio ó alcalde! Vaites, vaites! As condolencias no periódico de dereitas eran do máis conmovedor. "O noso máis sentido pésame. Pobre papagaio.

Este alcalde, escapando á persecución fascista, refuxouse nas Illas Gabeiras, que están fronte Lobadiz. A estas illas o levaba todos os días un amigo que tiña en San Xurxo; pero Alejandro Porto Leis (que así se chamaba este alcalde) enfermou de gravidade e entregouse, e en canto se curou, fusilarono; a el e mais ó seu amigo.

Continuando coas miñas lembranzas en tempos da República, podo dicir que había con frecuencia algunhas liortas entre partidos políticos e que, ás veces, tiña que intervir a garda de asalto arreando leña a destro e sinistro. Lembro que en certa ocasión (tería eu 15 anos) liáronse a tiros en plena rúa (María ou Dolores, non lembro exactamente) sembrando o terror entre a xente que saíu dando berros e correndo a fume de carozo.

Á idade de 15 anos afilieime a UGT, cousa indispensábel para entrar de aprendiz nun taller. E comecei unha aprendizaxe na rúa Pardo Bajo, no taller do mestre pintor Juan López, tamén coñecido co sobrenome de *"Juan sin ansias"*, polo seu andar tan lento que parecía pedir permiso a unha perna para levantar a outra. Era este señor Juan, un home grandullón e tan serio que só con miralo á cara xa entendías que che estaba botando unha bronca. Este mestre (que por certo, era un mestre) tiña un fillo chamado Antolín, uns anos maior ca min. Ambos traballabamos no taller, moendo o *albaialde* e preparando as pinturas para os operarios; e se non nos quedaba tempo, gastabamosIles algunhas bromas ós pinches de albanelería que estaban nunha sección do mesmo taller, cuxo

«...unha cruzada é unha guerra relixiosa; e mira por onde temos aquí unha sabia advertencia do famoso Quixote: "Sancho, con la iglesia hemos topado"».



«Unha das cousas que interesaban naqueles tempos era o Esperanto e tamén un mundo "unido" no cal todos fosemos iguais».

mestre era o señor José Iglesias, que pola súa bondade debería apelidarse *"El Santo"*. Antolín e mais eu, terminamos sendo bos amigos, e por riba coincidimos traballando de compañeiros na "Construcción Naval" chamada máis tarde "E.N. Bazán". Antolín era un grande artista, e xuntos fixemos moitos traballos na Factoría, pero o máis importante para min foi o da maqueta do Arsena; dita maqueta atópase actualmente no Museo Naval da Armada. Máis tarde nos separaron: Antolín á Vidrería Artística, e a min ó Departamento de Organización, no que permanecín como Técnico até a miña pre xubilación no ano 1982.



Antolín foi un gran paisaxista, e os seus fermosos óleos están estendidos por varios lugares de España. Tamén foi Presidente do "Real Coro Toxos e Froles".

Eu, deste querido amigo, gardo un artigo escrito por el e publicado en "La Voz de Galicia" falando sobre unha das miñas primeiras exposicións na Sala do Concello. Sala que sempre pedín que volvera a abrirse, porque era a mellor Sala de Exposicións que tiñamos en Ferrol.

Volvendo á década dos anos trinta, nas escolas non se estudiaba galego nin tampouco (creo eu) tiña moito interese en reclamar unha autonomía. Só se falaba de España como nación e ós nacionalistas tampouco se lles prestaba moita atención. Só se escoitaba falar de Castelao e Bóveda, ós que algúns comparaban con Sancho Panza, que tamén estes reclamaban *"una insula para gobernar ellos"* .

Unha das cousas que interesaban naqueles tempos era o Esperanto e tamén un mundo "unido" no cal todos fosemos iguais. De aí a famosa frase que aparecía anunciada en moitísimos lugares: "Cidadáns do mundo: UNÍDEVOS". Isto non estaría mal para acabar coas guerras e a fame no mundo.



III CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA 2005"

BASES

1. As entidades ATENEO FERROLÁN e CAIXANOVA convocan o III Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "ATENEA", dirixido a Centros Escolares e mais a Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, co fin de promover entre eses primeiros segmentos de nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica.

2. PARTICIPANTES. Poderán participar e optar ós premios que se establecen tódolos grupos teatrais, non profesionais, vencellados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais da comarca, que se correspondan coas categorías que se establecen nestas Bases.

3. CATEGORÍAS. Establécense tres categorías para a participación neste Certame:
   - A) Grupos de Teatro Infantil
   - B) Grupos de Teatro Primaria
   - C) Grupos de Teatro Xuvenil
   - D) Educación Especial

   A idade límite para participar como actor será de 20 anos.

4. CONDICIÓNS BÁSICAS.
   a) Cada grupo participante só poderá presentar ó Certame unha obra.
   b) A duración da representación de cada obra estará entre 20 e 75 minutos.

5. Tódolos grupos que queiran participar deberán envia-las súas solicitudes ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202. Aptdo. 303. CP 15402. Ferrol) nas cales farán constar os seguintes datos: nome do colexio ou entidade e da persoa responsable cos datos correspondentes ó grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espacio necesario).


6. PRAZO. O prazo de presentación para a participación no Certame remata **o 21 de xaneiro do 2005**. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do Xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente poderán presentar unha gravación da obra en formato VHS, CD ou DVD.

7. REALIZACIÓN. REALIZACIÓN. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de marzo, abril e maio do 2005, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O Xurado fará unha selección de DOUS grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría C haberá unha selección dun só grupo. O Xurado valorará en cada representación os seguintes apartados:
   - a) Mellor posta en escena
   - b) Mellor representación

8. XURADO. O Xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e maila Caixa Nova, entre persoas representativas dos medios culturais e do ensino.

9. PREMIOS. Tódolos grupos seleccionados, como parte do Premio, actuarán na Fase Final do Certame, a celebrar entre os meses de maio e xuño, nun lugar a determinar pola Organización. Tamén recibirán unha cantidade en metálico, igual para todos polo importe de douscentos cincuenta euros (250 euros) que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas.

10. A presentación a este concurso supón a plena aceptación destas Bases. Tódolos imprevistos non contemplados nelas, serán resoltos polo Xurado sen ningún tipo de apelación.




ARTIGO

MORTE NO AIRE I

A MALDICIÓN DO AMIANTO

Carlos Piñeiro Díaz
Médico

No abano dos tempos, o amianto ten unha historia fascinante, pero tamén arrastra a morte ó longo da existencia da humanidade. O amianto empregouse na industria e na construción en forma de máis de tres mil produtos ó longo dos tempos.



No sector naval dos estaleiros da comarca de Ferrol sucederon un número indeterminado de mortes de traballadores das factorías de Fene e de Ferrol, na maioría dos casos sen establecerse a causalidade da inhalación do amianto no seu ámbito laboral. O amianto mata, só e unha cuestión de tempo. No Ateneo Ferrolán, os día 7 e 8 de maio do ano dous mil catro, celebráronse as xornadas "Amianto, Stop" ás que acudiron asociacións de vítimas do amianto de toda España, en representación de máis de oitenta e cinco mil afectados, aprobándose a **Declaración de Ferrol "Vida sen Amianto"**, onde se considera o amianto, non como un problema exclusivamente laboral, senón tamén de saúde pública, avogando por unha vida sen amianto para a poboación laboral e a poboación xeral, sendo ratificada recentemente na reunión nacional celebrada en Madrid pola Federación Nacional de Asociacións de Víctimas do Amianto. A Morte no Aire pretende ser unha homenaxe ás vítimas do amianto en Ferrol, onde se establece con claridade a relación mortal entre o amianto e as persoas.

«O amianto mata, só e unha cuestión de tempo».

APROXIMACIÓN Á HISTORIA ANTIGA DO AMIANTO

Amianto máxico


Asbesto ou amianto son termos xenéricos aplicados a un conxunto de minerais fibrosos presentes na natureza., que polas súas propiedades fisicoquímicas (illamento térmico e incombustibilidade) foi utilizado polos humanos dende a Antigüidade.


Amianto vén do latín "amianthus", "sen mácula", "incorruptíbel", e asbesto, como tamén e chamado o amianto, procede do grego "asbestos" e significa "incombustíbel". Outros nomes gardan relación co amianto:

Os achados arqueolóxicos demostran que o amianto estivo sometido ó proceso de manufactura e elaboración dende hai 4.000 anos antes de Cristo na Finlandia meridional, usándose nas mechas das lámpadas e velas. A antofilita, foi utilizada para reforzar as vasillas de terracota no terceiro milenio e existe a posibilidade de que neses tempos fose fiado e tecido. Entre o segundo e terceiro milenio a. C. envolvíanse os corpos embalsamados dos faraóns exipcios coa roupa de asbesto para compensar as ruínas do tempo.

Calímaco, escultor grego, no 436 a.C., utilizaba o amianto para as lámpadas do templo de Palas Atenea.







As mencións máis antigas do asbesto aparecen en Heródoto, o pai da historia, no 456 a.C. referíndose as mortallas para a incineración a base do amianto e, no texto grego, *Sobre rochas*, escrito no ano 300 a.C. por Teofrasto, un dos discípulos de Aristóteles, que o describe como "unha substancia que arde como a madeira, cando se mestura co aceite, pero que non se consume".

Estrabón (63-21 a.C.), Plutarco (46-120) e Plinio, describiron o uso do amianto nas mechas das lampadiñas mantidas permanentemente acesas para as virxes vestais, descritas por Plutarco como fibras vexetais mesturadas cun material indestructíbel chamado asbesto. Plutarco, no 100 d.C., fala de filamentos de pedra que se poden fiar para facer traxes que non se queiman.

Plinio aseguraba na súa *Historia Natural*, dedicada a Tito e publicada no ano 77, que o amianto era protector das persoas para tódolos feitizos.

Dioscórides, século I d.C., cirurxián grego do exército de Nerón, dedicou ás pedras como axentes terapéuticos gran parte do libro V da súa *Materia Médica*, denominando o amianto como "Salamandra lapis" (pedra de Salamántiga), debido a vella lenda de que as salamánitgas ou píntegas resistían o lume.


Marco Polo nos seus relatos de viaxes, menciona o uso de panos incombustíbeis na Siberia, ó norte do imperio de Gengis Khan; segundo el, os habitantes "tecían unha roupa indestructíbel con un mineral extraído da terra".




Na idade moderna, Carlo Magno marabillaba ós seus convidados, polas súas dotes e habilidades: tiraba ó lume panos de mesa confeccionados con amianto, recolléndoos de seguido intactos, dando fama ó amianto de mineral máxico.

Segundo o protoevanxelio de Giacomo, un dos evanxelios apócrifos, a Virxe María correu o risco de contraer asbestose, pero en cambio entre as seis fibras a tecer do templo, tocáronlle en sorte a púrpura xemina e a escarlata, pero non as de amianto.

Na *Cidade de Deus*, de San Agostiño faise referencia ó amianto como pedra ou candil inextinguíbel. Tema que tocou o frade Benito Jerónimo Feijoo no seu *Teatro Crítico Universal*, tomo cuarto, do ano 1730, discurso terceiro, onde pon en dúbida a existencia das lámpadas perpetuas achadas nos sepulcros de Palante, rei de Arcadia, no 800 e a de Máximo Olybio, antigo cidadán de Padua, polos anos 1500 e a do sepulcro de Tulia, filla de Cicerón, descuberto na Vía Apia; lámpadas feitas posiblemente co liño incombustíbel do amianto. O propio frade nas súas *Cartas eruditas e curiosas*, tomo II, carta XII, disertou sobre a incombustibilidade do amianto.







Amianto maléfico


As observacións sobre os efectos nocivos da inhalación de poeiras de asbesto sobre a saúde humana son tan antigas segundo o variado uso das súas fibras.

Plinio o Vello, naturalista romano do primeiro século da era cristiá, tal como Estrabón, xeógrafo e historiador grego contemporáneo a Plinio, xa describiran as doenzas pulmonares en escravos tecedores do asbesto, o cal significaba o uso reiterado e continuo no tempo do asbesto.

Durante a época Imperial de Roma, foron requiridas grandes cantidades de metais para as máis diversas actividades. Chumbo, cinc, mercurio, cobre, eran os máis utilizados pero tamén o amianto estaba incluído nas críticas dos escritores da época, onde se equiparaba o traballo do mineiro a unha condena de morte. Plinio o Vello chegou a propoñer respiradores rudimentarios feitos con vexiga de porco para reducir as inhalacións do resultado do manexo dos metais.

Herodoto, hai máis de dous mil anos, describiu unha alta mortalidade entre os escravos que producían mortallas de amianto. (Continuará)

«Plinio o Vello e Estrabón, entre outros, xa describiran as doenzas pulmonares en escravos tecedores do asbesto».



O VIÑO IV

O VIÑO IV

por Tono da Graña

Magister Bachanalium da Beatífica Cofradía del Colmillo

«...catar é probar con atención un producto cuxa calidade desexamos apreciar, sometendoo ó análise dos nosos sentidos...».

¡Ánimo! Xa queda menos para o remate.

E como dixen ao comenzo, isto estaba preparado para que a traca final fora unha CATA. Mellor dito, dúas: a primeira descriptiva, e a segunda cega (é dicir, coas botellas tapadas).

Ámbalas dúas coa súa ficha oficial correspondente.

E non so isto, senón que a intención é acadar das adegas invitadas uns estuches de viño para premiar ós que atinen máis na cata cega.

(Paréntese)

Na páxina seguinte vai o esquema de todo o proceso de elaboración do viño que prometín:

O COÑECEMENTO DO VIÑO A TRAVESO DOS SENTIDOS

Segundo o diccionario Larousse: a cata é a actividade que permite "apreciar perante o sentido do gosto e do sabor as calidades dun alimento sólido ou líquido".

Un enólogo diría que: "catar é probar con atención un producto cuxa calidade desexamos apreciar, someténdoo ó análise dos nosos sentidos, i en particular ó do gosto e ó do olfato; e tratar de coñecelo, buscando seus defectos e ás súas calidades co fin de expresalos. E estudiar, analizar, describir, xulgar e clasificar un producto".

A quen lle poida desanimar esta definición, direille que chega con dicir que a cata forma parte do saber beber.

TIPOS DE CATA

Hai que recalcar que o viño e a consecuencia dun proceso no que se inverteu moito traballo e paciencia.

Nel hai anos de esforzos e tradicións seculares que serven de nexo entre quen o bebe e a historia da terra da que procede cada viño.

O viño merece a atención de quen o quere coñecer e pretendeu recoller a mensaxe de quenes o fixeron.

A cata non é máis que o mecanismo que permitirá descifrar este e o resto das mensaxes que encerra.

En poucas palabras, a cata é o análise do viño a traveso dos sentidos: vista, olfato, gosto e tacto bucal.

Seguimos coas catas.

Pódese falar de cata técnica, cando estamos a referirnos á feita polo enólogo para determinar o futuro do viño a medio facer, para comprobar a súa elabora, ou ben para corrixir algún defecto.

Cata analítica, é cando serve para modificar algún viño, engadíndolle outros elementos en distintas proporcións coa fin de acadar distintos niveis de percepción. Entre as modificacións máis usuais, están as que resultan de engadir (segundo conveña para o obxectivo) etanol, azúcares ou anhídrido sulfuroso.

A cata do consumidor faise para comprobar a calidade do producto mercado, identificando i examinando as características sinaladas pola zona de elaboración, a vinífera empregada, a "añada" da colleita e feito o mosto e, sobre todo, a relación entre a calidade e o prezo do producto que se cata.

Finalmente, a cata descriptiva ten como intención describir (o din a palabra) da forma máis racional e comprensible, cada unha das características que se aprecian no viño ó analizalo coa vista, olfato, gosto e tacto bucal.



MINI DICCIONARIO (Continuación)

PLANTA NOVA – Variedade autorizada na D.O. de Utiel-Requena, na que se emprega para facer viños brancos secos de baixa calidade.

RIESLING – Xa non está de moda. Chegou a España dende Alemania. Torres mantén algúns viñedos nas colinas do Penedes e emprega para facer viño branco de padal fresco e aroma distinto.

SAUVIGNON BLANC – Autorizado en Rueda dende 1985. Tamén hai viñedos no Penedes. Os varietais españois son todo un éxito.

TREIXADURA – Cepa de calidade e que está a ter cada vez máis importancia en Galicia (sobre todo en Ribeiro) onde se emprega a cotío para mellorar outras varietais.

VERDEJO – Segundo os mellores expertos esta variedade é a mellor branca tradicional de España. Cultívase en D.O. Rueda onde, pouco a pouco está desprazando a "palomino".

VERDIL – Variedade escollida por productos de Murcia e Alicante.

VIURA – Nome da variedade "macabeo" na Rioxa e outras comunidades.

XAREL-LO – Unha das "tres grandes" cataláns empregadas para elaborar o "cava". Soa fai un viño neutro que precisa o impulso aromático da "parellada". En Alella, ó NE de Barcelona, cultívase co nome de "pansa blanca".

ZALEMA- Cultivada nos arredores de Huelva, onde se emprega para facer viños xenerosos locais. Se oxida con rapidez.

VARIETAIS TINTAS


ALICANTE – Véxase "garnacha tintorera".


ARAGÓN – Nome que recibe a "garnacha" nalgúns lugares de España.

BOBAL – Variedade importante en Levante, onde acada as 100.000 ha.. Produce viños de color moi escuro, que manteñen a acidez a pesares do calor. Tamén produce excelentes rosados secos.

BRANCELLAO – Variedade tinta que xera viños lixeiros pero afroitados na Galiza.

CABERNET SAUVIGNON – Como a Chardonnay, é unha das varietais de sona mundial plantada en España. Madura ben baixo o sol do Mediterráneo e acada viños ricos, con matices de menta e amoras. Chegou a España dende Francia a finais do século XIX e aínda quedan algúns viñedos como "Marqués de Riscal" e "Vega Sicilia" desa época. Pero o auténtico asentamento tivo lugar fai algo máis de 30 anos e, hoxe en día, hai en España extensións considerables dedicadas ó seu cultivo, sobre todo no "Penedés" e "Costers del Segre".



ÁLVARO CUNQUEIRO: OS MITOS E AS LENDAS DO MAR



por Juan J. Burgoa

Tamén o mar hoxe ten a ialma de madureza

Mar ao norde
Álvaro Cunqueiro

O mar, o mar, nin outra cousa quero

Estacións ao mar
Xohana Torres

O MAR NA NARRATIVA

O mar ou a mar, segundo se prefira, exerceu de sempre unha especial fascinación sobre o ser humano; poucos xéneros literarios son tan propicios á evasión como os dedicados ó mar. Este feito veuse reflictido nunha abondosa producción literaria de tema mariño desde o principio da escritura, ben en forma de narracións de viaxes e de batallas navais, relatos de piratas e de descubrimentos, novelas de temas mariñeiros e, xa levando a ficción ó seu extremo, ben en forma de lendas baseadas nos mitos e nos seres mariños.

Xa concretamente, os relatos mariñeiros, os contos e as narracións nos que o mar e os seus poboadores, reais ou fantásticos, son os verdadeiros protagonistas, teñen unha longa tradición e un amplo seguimento entre ilustres escritores universais. Moitos autores atoparon no océano o escenario ideal para os seus relatos; non hai máis que citar a Daniel Defoe, Víctor Hugo, Christian Andersen, Jack London, Stephen Crane, Próspero Merimée, Herman Melville, Edgar Allan Poe, Robert L. Stevenson, Julio Verne, Joseph Conrad ou Ernest Hemingway, como parte desa abondosa nómina.

Con todo, non se pode incluír nesta listaxe moitos escritores en lingua española. Nunha nación que ten unha extensa lonxitude da súa ribeira aberta ó mar, malia que viviu de costas ó medio mariño en moitas épocas da súa historia, son poucos os escritores que se poden citar, apenas os nomes de Pío Baroja, Ignacio Aldecoa e Julio Guillén. Deixamos expresamente fóra desta relación a certos narradores como Pérez Reverte e outros seguidores, nos que o mar é practicamente o pasivo escenario de certas aventuras pseudohistóricas.

En Galicia, onde para moita xente navegar é tan necesario como vivir e na que o mar está tan arraigado na memoria do pobo tradicional, o escenario mariño tampouco serviu de fonte de inspiración dos prosistas galegos. Agás Álvaro Cunqueiro e Adro Xavier, soamente Torrente Ballester dedicou algúns retallos da súa abundante obra ós mitos mariños, especialmente na súa novela *La saga/fuga de J.B.* e nalgúns relatos curtos como *El cuento de Sirena.*

OS POETAS GALEGOS DO MAR

No que a poesía se refire o panorama é diferente, sendo moitos os poetas galegos que, dentro das variadas correntes da lírica, cantaron ó mar. Xa para os trobadores medievais da lírica galego-portuguesa, o mar foi un motivo e un símbolo primordial das súas cantigas. Temos como exemplos sobranceiros no tesouro da lingua romance as cantigas de Alfonso X, Rui Fernández de Santiago, Gómez Chariño, Almirante da Mar e señor de Rianxo, e os poetas do mar de Vigo, Johan de Cangas, Mendinho e Martín Códax.

Esta tónica continuou nos séculos seguintes cos poetas do movemento cultural do Rexurdimento, prolongándose logo a través de nomes como Cabanillas, López Abente, Amado Carballo, Bouza Brey e Luís Seoane. A destacar, a singular aportación vangardista do rianxeiro Manuel Antonio, que deixou a pegada das súas navegacións en buques veleiros no seu poemario *De catro a catro*, nunha obra de vigoroso acento marcada pola presencia do mar.

Dentro da importante aportación dos autores da posguerra que cantaron ó mar, caso





de Avilés de Taramancos, Luz Pozo ou Bernardino Graña, desde Ferrol temos que lembrar a nosa poeta, Xohana Torres, con *Estacións ao mar* e *Corazón de navío,* onde Lorref e a ría ferrolá constitúen o escenario que reflicte as lembranzas e inquedanzas dos seus anos mozos, impregnando fortemente os seus versos, e ó segrel Pérez Parallé, que nos seus poemas e cantigas, percorre todos os recunchos da costa galega.

ÁLVARO CUNQUEIRO


Álvaro Cunqueiro, contador de historias e escritor total en galego e en castelán, de quen se dixo que sabía de todo e que aquelo que non sabía o inventaba, foi un home de terra dentro, nacido na episcopal e recollida Mondoñedo pero que acabou recalando na atlántica e cosmopolita cidade olívica para dirixir *El Faro de Vigo,* onde rematou namorado do mar.

Deuse a coñecer como poeta de fina sensibilidade e frase medida no idioma galego, nunha liña a medio camiño entre o neotrobadorismo e a vangarda, na que o mar ocupa un lugar sobranceiro desde o seu primeiro traballo poético titulado *Mar ao norde,* ao que seguirían outras obras arredor do mesmo tema, como é o caso da *Cantiga nova que se chama riveira.*

Sempre como narrador aberto á fantasía, mais para algúns alleo á realidade e distanciado da actualidade, dúas importantes novelas de Cunqueiro teñen o mar como fondo: *Las mocedades de Ulises* y *Cuando el viejo Sinbad vuelve a las islas.* Baixo o común denominador dun tratamento imaxinativo dos vellos mitos de sempre, a primeira é unha narración da iniciación dun xove navegante nos segredos que agocha o mar dos gregos mentres a segunda amosa o crepúsculo dun vello piloto e a súa nostalxia dos mares arábigos.

Pero é precisamente o labor literario de Cunqueiro no eido das lendas e mitos do mar onde dá renda solta á súa erudición, ó seu gusto pola fabulación e á súa fértil imaxinación. A súa obra *Fábulas y leyendas de la mar,* recompilación feita polo seu amigo Néstor Luján para Tusquets Editores dunha serie de artigos periodísticos publicados no idioma castelán por Cunqueiro en diversos medios escritos, principalmente *La Hoja del mar* e *Sábado Gráfico,* amosa en primeiro lugar o gran predicamento que o escritor mindoniense tivo entre os lectores cataláns.

Ao longo das páxinas deste fermoso libro, Cunqueiro trata –coa súa fluída prosa e mestura coa súa suxerente imaxinación– temas mariños universais tales como a Arca de Noé, a Odisea de Homero, as vellas historias de Plinio o Vello, as naves infernais, a Atlántida, o gran remuíño do Maelström, a estela do Holandés Errante, as flotas dos bispos bretóns, o vélaro de ouro, a Arca de Noé, os diferentes ventos mariños, os argonautas, as viaxes dos salmóns, as lendarias sereas, as baleas e outras bestas mariñas. Pero tamén aparecen na obra temas e personaxes esencialmente galegos, como o bispo San Gonzalo, o heroe celta Breogán, as cidades asolagadas, a pesca no Gran Sol, as ondas fecundantes, os barcos de pedra, o Apóstolo Santiago, a multitude de nomes da fauna marítima galega e, cómo non, as viaxes reais e imaxinarias do mundo celta cara a Galicia.



Nos derradeiros tempos está a cobrar forza unha interesante tese que pon de relevo como o influxo bretón na Galicia do Norte chegou a través do mar de Ferrol, estendéndose a un amplo territorio que abrangue á provincia mindoniense, reforzando deste xeito os vellos nexos culturais entre as cidades de Mondoñedo e Ferrol. En próximas datas, vaise presentar *As galeras de Normandía,* narración do escritor e xornalista local Ramón Loureiro, onde o autor nos leva a través do tempo desde o século V, cando a cristianización de Galicia foi impulsada polos bretóns, ata os nosos días. Desde Ferrol, que algúns porfían en chamar Cidade do Mar, hoxe tan illada física e mentalmente das augas da nosa ría, e diante dun tema tan querido por Álvaro Cunqueiro, vaian estes breves apuntamentos para a lembranza dos traballos do precursor e sobranceiro escritor mindoniense, que na súa abondosa obra tratou deste e de tantos outros temas da nosa terra.

ARTIGO

PARIS LIBERADO

PARIS LIBERADO

por Hortensia Pérez Landeira

O 26 de agosto de 1944 París foi liberado do exército nazi. Para conmemorar unha data tan importante celebráronse diversos actos durante toda a semana.

Sesenta anos despois, eu tamén estiven alí. Fun acompañando a miña irmá a cal foi invitada, por medio do Cónsul francés en Vigo, para participar cunha lectura de poemas dedicados a lembrar esa data tan memorábel.

Son moitos os españois que viven en Francia e lembran aqueles días. Fillos e netos dos republicáns españois que tomaron parte nos graves enfrontamentos, axudando ás forzas francesas nos seus combates contra os alemáns. Hoxe séntense orgullosos de ser un pedazo da historia do país que os acolleu.

«Fillos e netos destes republicáns españois, hoxe séntense orgullosos de ser un pedazo da historia do país que os acolleu».


Nas reportaxes, fotos e películas da época, vimos como o xeneral Rol-Tanguy chama os parisinos á insurrección, co grito de:

¡Todos ás barricadas!

Era o 18 de agosto de 1944.

O pobo o entendeu e, de inmediato, homes e mulleres adicáronse a amontoar sacos de terra, mobles, e toda clase de obxectos que serviran para construílas, incluso lastras arrincadas das rúas. Os nenos, como novos Gravoches, tamén axudaron neste traballo. En pouco tempo, máis de 600 barricadas levantáronse en París para bloquear as entradas e todas as vías de comunicación ós carros alemáns.





Durante a Revolución Francesa e en anos posteriores, como cando París se levantou contra Napoleón III, as rúas da cidade tamén se encheron de barricadas.

Nesta ocasión, Víctor Hugo era deputado da Asemblea Nacional e tomou parte activa na loita de barricadas. No seu último libro "Historia dun crime", cóntanos: "... *Se volcó una gran carreta, se la puso atravesada en la calle, se desempedró el arroyo, y hasta se arrancaron algunas baldosas de la acera...* ". Está claro que este sistema de defensa forma parte da indiosincrasia dos franceses.

No salón principal do *Hotel de Ville* (Concello), está a efixie do gran escritor e político. É honrado como pai da República.

O 24 de agosto ás 20 horas e 45 minutos, a 2ª División mandada polo xeneral Lecrerc, entra en París pola porta de Italia, apoiado pola 4ª División americana. Este momento histórico é anunciado pola radio francesa que comenta o seu paso por toda a avenida de Italia, en medio dunha alegría inmensa. Ás 9 horas e 30 minutos da mañá, os vehículos lixeiros chegan ó *Hotel de Ville*, corazón neurálxico da sublevación, e son aclamados e recibidos polo pobo, os seus dirixentes e membros da Resistencia, co canto emocionado da Marsellesa.

As quince horas e trinta minutos, na Prefectura de Policía, o xeneral alemán Choltitz, asina a acta de redención perante o xeneral Lecrerc. Os focos de resistencia do inimigo son neutralizados e, pouco despois, o xeneral De Gaulle entra en París como Xefe do Goberno Provisional da República Francesa. Unha marea humana chea de entusiasmo, vitorea ó longo dos Campos Elíseos á súa entrada, coreando o seu nome. Despois de catro anos de ocupación nazi, París é liberado. Era o 26 de agosto de 1944.

Por documentos que agora se fixeron públicos, sábese que os republicanos españois foron os primeiros en chegar ó *Hotel de Ville* , minutos antes que o xeneral Lecrerc e as forzas aliadas.

Os seus carros de combate con nomes como: "El Ebro", "Brunete", "El Quijote", ... enarborando a bandeira da República Española, foron guiados por un membro da resistencia que, montado en bicicleta, foinos levando polas rúas que estaban libres de barricadas. Este é un feito importantísimo e digno de destacar, tanto polo seu valor estratéxico como sentimental. Debemos sentirnos orgullosos da nosa participación nun capítulo tan significativo na historia recente de Francia.




Hoxe, sesenta anos despois, París está radiante, feliz. En moitas rúas hai grandes fotografías, colgadas das paredes, que lembran aqueles días. Tamén ramos de flores, con pequenas placas nalgúns casos, que testemuñan que, naquel lugar, alguén caeu morto polo invasor.

O Concello, a Prefactura de Policía e todos os edificios oficiais, tamén teñen cubertas as súas fachadas por estas inmensas fotos onde se ven anónimos combatentes defensores da liberdade, e coñecidos políticos e militares; todos unidos por unha mesma razón. Unha vez máis demóstrase que non se pode aniquilar unha conciencia, un sentimento, a nobreza dun pobo e a súa verdade. O crime nunca queda impune.

É xusto destacar que a impulsora desta conmemoración foi Ana Hidalgo, española filla e neta de socialistas. O seu avó foi fusilado durante a guerra civil española; os seus pais, como tantos outros españois, fuxiron a Francia cando ela tiña dous anos. Actualmente é tenente de alcalde do Hotel da Villa. Está casada e ten dobre nacionalidade: española e francesa. Gracias por todo ANA.

«...os republicanos españois foron os primeiros en chegar ó *Hotel de Ville* , minutos antes que o xeneral Lecrerc e as forzas aliadas».



CRISTIANISMO CELTA OU PAGANISMO RESIDUAL NA *GALLAECIA* BAIXO IMPERIAL:

A CASA DE DON, SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

Por Andrés José Pena Graña

Andrés José PENA GRAÑA é doutor en arqueoloxía e membro correspondente do Instituto de Estudios Celtas.

1. 1. AS ORIXES HAXIOGRÁFICAS DA PEREGRINACIÓN

Unha illa chamada polas aves mariñas que a visitan Gabeira coñece-se tamén como a Barca de S. Andrés, atopándose, en pleno Atlántico, fronte aos acantilados máis elevados da Europa Atlántica. Alá, nela, como na súa barca de pedra chegou a Padrón, Santiago o Patrón de España, ou a Muxía –como o atestiguan a candea e o leme de pedra da súa nave– a Virxe da Barca, arribou o Apóstolo de Cristo ao escarpado, illado e brumoso Teixido. Queixándose de que a divina vontade dirixise o seu mariño curso a tan desoladas terras e deshabitados acantilados, e, para confortalo apareceuse-lle entón Noso Señor dicíndolle que ese lugar a el consagrado sería desde entón cando menos unha vez na vida visitado por todos, non só polos galegos:

> "Fica eiquí, S. Andrés,
> Que de vivos ou de mortos
> Todos che virán a ver".

E por este motivo como é público e notorio van a San Andrés os romeiros porque "a San Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo".


1. 2. A CASA DE DON

A Illa –verde e florida dos Ben Aventurados– coa súa brisa mariña e a súa celestial música; o luminoso paraíso pagán que agarda aos habitantes dos finisterres atlánticos e o ardente Tártaro como contrapunto, o mouro inferno platónico ou cristián, aquela idea Celta e esta idea Clásica, segundo se pensa, converxerían en Hesíodo que tanto nos fala do louro Radamante e da chaira Elusión, batida –como o noso Val de Trasancos– polos ventos do Noroeste, postrema morada dos reis e dos heroes gregos que foron, canto das illas dos Todopoderosos ou dos Bienaventurados, sostendo JUBAINVILLE a quen seguimos aquí, que na segunda Olímpica de Píndaro, obra composta lembrando unha vitoria nos xogos olímpicos do ano 476 a.C. "A chaira Elusión confúndese coas Illas dos Todopoderosos ou dos Bienaventurados para formar unha única illa onde se atopa a fortaleza de Cronos asociado a Radamante".


Na Cosmogonía Irlandesa, moi similar á galega, sostén María DO HENAR VELASCO LÓPEZ que as referencias claras ao *Sidh*, "Alén" ou "Outro Mundo" como país dos mortos "concéntranse [...] en torno á Figura de Don e a súa morada *Tech nDuinn* 'a Casa de Don'". Os métricos Dinsenchas, como tamén o defende María do Henar, citando *The Metrical*



Vista de San Andrés de Teixido



Illa dos Mortos de Arnold Böcklin (Musée d'Orsay. Paris)



Dinsenchas de GWYNN, que estudian os topónimos Irlandeses con etimoloxías populares, recollen como Donn previndo a Irlanda de pragas pide que o seu corpo se sepulte nunha Illa fronte á Costa.

Para Marcial TENREIRO BERMÚDEZ "A concepción dó Alén como unha illa mantense nunha serie de tradicións. En Somerset contábase que existía preto dó canal de Bristol unha invisible illa que só ás veces podía ser ollada polos seres humanos; similares tradicións atópanse tamén nalgunhas zonas dá costa de Gais (BRIGGS, K. *The Fairies in english tradition and literature*. Bellew Publishing. 1989 Londres pp 13-3). Así mesmo Procopio (*Guerras godas*, XIII, XX, 45-49 *Procopius History of the wars* –trad Dewing, H. B.– Hardvard University Press, Loed Classical Library. Cambridge e Londres) recolle unha tradición bretona do século VI segundo a cal nunha zona da costa xuntábanse pola noite as ánimas e obrigaban aos pescadores a que as levasen nunha nave a unha illa (Brittia) onde chegaban con inusitada rapidez (ALONSO ROMEIRO, F. Santos e barcos, p. 51)". Tamén recolle TENRREIRO BERMÚDEZ como SEBILLOT sinala que o Folclore Bretón conservaría "unha curiosa versión desta crenza na que as ánimas navegan nunha barca ao inferno por un mar situado non subsolo".

Situada agora fronte a un santuario na costa de Galicia onde *pro salute* dedicarían os superviventes numerosas aras/estela a un deus e *Berobreo Lar*, a pagá versión da Casa de Don manteríase no presente cristián de Galicia. Esta casa atoparíase previsiblemente sobre unha bretemosa illa, nas Illas Cíes, ou na Illa de Onceta, onde marchan aínda hoxe a Santa Compaña descrebendo Marcial TENREIRO BERMÚDEZ (ex POKORNY) unha procesión de ánimas similar, o exército do *Sidh* navegando á súa illa, nun texto irlandés dó século VII: "revolvendo o mar ata que brilla sanguiñento/ sobre o claro mar vén embarcado un exercito/ que ensina ao pais a destreza do remo/ despois vogan cara á pedra relucinte/ da que ascenden as melodias centuplicadas./ A canción que o exercito canta/ non soa tristeira nin esmorece./ alámpase en centos de coros, /o que a escoita líbrase de vellez e de morte" e ilustrando Fernando ALONSO ROMERO a navegación a Onceta da Santa Compaña con outras lendas e tradicións das almas dos afogados perdidos no mar índose ás illas concibidas como lares do mañá e albergue dos mortos como a mencionada Onceta (Pontevedra) ou á Pena dás Ánimas, preto do Castelo de San Antón (A Coruña). Pero quen será? Quen podería ser o seu legatario?

Santo Andrés de Teixido, previsiblemente.

No concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra), na aldea de Donón, no alto de O Facho, monte moi dominante sobre o mar, sito ao extremo occidental da Península de O Morrazo, con espectaculares panorámicas sobre as Illas Cíes e a Illa de Ons, databeis no Baixo Imperio, foron descubertas –previsiblemente no seu santuario– un inusitado número de aras-



O catedrático Fernando Alonso Romero y Andrés Pena, do Instituto de Estudios Celtas visitando, cuns amigos a excavación do Castro e do Santuario de Donón

estelas, incrementado en máis dun centenar nunha recente campaña polo arqueólogo José SUÁREZ, *dictus* "MARIÑO". Son aras de insólita invención, con moi particulares variacións, todas ou case todas, colocadas moi avanzado xa o século IV despois de Cristo nun santuario pagán dunha Galicia oficialmente cristiá.


Sostiña, en ampla referencia ao santuario de Donón, no ano 1997, Antonio RODRÍGUEZ COLMENERO: "Todos os indicios conflúen en que debeu de estar ubicado no cerro do Facho, extremo occidental da península do Morrazo, sobre a *sima* dun pronunciado escarpe de 184 metros de altura, que asoma en forma de acantilado, á inmensidade do océano. Administrativamente pertence á aldea de Donón, asentado á súa beira, á parroquia de Hío e ao concello de Cangas do Morrazo. Foron, tamén neste caso Bouza Brey ou colaboradores quen fixeron emerxer de entre os misterios do pasado os vestixios que en páxinas sucesivas imos tratar de describir e, se é posible interpretar".


F. BOUZA BREY, J. Mª ÁLVAREZ BLAZQUEZ e E. MASSÓ BOLÍBAR publicaran tamén en 1971 unha meritada monografía sobre elas, pero foi, sen auditorio capaz de oír a súa potente voz naqueles tempos tan baratos como os presentes, o Conde de Quirós, Don Isidoro MILLÁN GONZALEZ PARDO, de boa memoria, no ano 1984, quen significativamente, xa en solitario, penetraría o misterio das aras de Donón de admirable modo.

1. 3. DEUS LAR DE ALTA E FORTIFICADA CIDADE

O Conde de Quirós, veu e desvelounos de xeito pioneiro e augural o sentido do santuario e a intención das aras/estela de Donón. Alguén con tanta luz como intención (pois, "sen regras da arte os hai –a patadas– que unha vez acertan por casualidade") considero por iso a Don Isidoro MILLÁN GONZALEZ PARDO, "O noso Millor Celta".

«A concepción do Alén como unha illa mantense nunha serie de tradicións».





Ara estela moi estilizada con dous arcos e variante epigráfica. D<EO> BEROBRE[G]OCO. Dib. A. PENA

"No meu folleto Sobre as aras do Santuario de Donón (Hio: Pontevedra) supostamente dedicadas a Liber, Vigo, (Publicacións do Museu Municipal <<Quiñons de León>> Castrelos nº1), 1978, pp. 31, 36 e passim, chamei xa a atención ao carácter prerromano dos mais dos nomes de lugar da fegresía de Hio. Adiantándome á aparición dun segundo estudio meu, ampliado sobre o mesmo tema, reafirmo aquí, con seguranza, o carácter celta de Donón > *Dubnonem, outra forma de *Dubnos, o Deus Celta dos mortos que recibiu culto, testemuñado con case unha cincuentena de aras, no Facho de Donón, enfronte das Illas Sies (Cies) = *Insulae Deorum* de PLINIO (N. H. IV, 119) *Theón Nésoi* de PTOLOMEO (2, 6, 63). É un recurso inútil, no caso deste santuario prerromano ubicado en Donón, a tentativa explicatoria do étimo por un *possesor* latino, a que se acolle PIEL. Non é congruente co singular contexto arqueolóxico. As aras nomean ao deus cun composto que agrupa a un par dos seus epítetos; Viverobreoros < **Uiuero-brigoros* < *i-e *gwiwero-bhreghoros*".


Segundo o conta MEYER no relato do século VII do *Lebor Gabála Érenn* VIII, 442 (ex VELASCO 284) Donn, Damach "rico en hóspedes" é un fillo de Míl de España, que víctima dos meigallos dos *Túatha De Danann* "as *trebas*, 'tribos', da Deusa Danu", antes de atinxir Irlanda no transcurso da última invasión, perece no mar afogado co seu irmán e vintecatro camaradas. Como o seu equivalente galego Santo Andrés de Teixido (patrón de Hío), Don antes de expirar profetizou: "á miña casa habedes de vir todos despois da vosa Morte". E tras pronunciar unhas palabras antes de morrer: "o meu pobo bendiciráme para sempre" (VELASCO, 284) foi tumulado por vontade expresa nunha illa por el escollida fronte á costa de Irlanda e di a antiga tradición que as súas dunas –e quizais as da nosa praia e lagoa de Doniños, que entre as barcas de pedra de Santa Comba e de San Cristobo, puido contar cunha terceira, coa súa cidade asolagada, e os seus topónimos, Valvarde, Barca de Arriba e Barca de Abaixo–, lembrandoo receben hoxe o nome de *Thigi Duinn*, "as Casas de Don".

Os métricos Dindshenchas (IV, 311) (ex VELASCO, ibid.) tamén atribúen ao irmán de Don, Amairgen unhas decisivas palabras: "deixade que o seu corpo sexa levado a unha alta pena [que por el se chama *Tech nDuínn*] e o seu pobo deberá ir a ese lugar". "Por iso [...] as almas dos pecadores visitan "a casa de Donn" antes de ir ao inferno e dan a súa 'benzón' antes de partir á alma de Donn, mentres as almas dos xustos ou dos penitentes contemplan o lugar desde lonxe e non se extravían".

Don sintetiza, ao meu modo de ver, con alta probabilidade o xerme de antigas crenzas dos nosos antepasados que no proceso de hibridación celtocristián atinxirían en Galicia e nos finisterres Atlánticos, e sobre todo na comarca de Ferrol, e de Cedeira o seu punto de madurez, expresado no santuario de San Andrés de Teixido, e na difusión do cultos de San Pedro (probablemente o Lar Ceciegaeco "Chosco"), de San Cristobal, de San Roque, de San Román e aínda de San José (de Arimatea).

Antonio RODRÍGUEZ COLMENEIRO, pola súa parte ofreceunos o cronograma visitado en precedentes parágrafos nuns papeis do Museo de Pontevedra, coa relación precisa dos epígrafes, desde os primeiros balbuceos no seu *lectio* e *interpretatio*. Un cronograma con fotografías e con debuxos das aras non restrinxida á reducción epigráfica incluíndo tamén unha visión ou relatorio da inicial asociación con Baco de "Libero": "Bouza Brey e [os seus] colaboradores chegan a interpretar ate cinco aras de corpo e epígrafe fragmentados, atribuíndo de maneira un tanto exótica á deidade en elas venerada un total de catro formulacións epigráficas: *Deo Libero Breo; Deo Liberro Breo, Deo Biberobreo, Deo Lar* [...]".

Con este materia RODRÍGUEZ COLMENEIRO, sen inmiscuirse en reflexións extra epigráficas, eludindo desenvolvementos comparatistas relacionados con crenzas Celtas, nas súas consideracións "Sobre o nome da divindade venerada en Donón" introdúcenos na problemática das aras e na correcta *lectio* do nome do dedicatario *Deo Lari Bero/Breo*: "[...] na actualidade, e tras un exame máis detido e global, advertimos que na inscrición nº1 segue a *Lari*, en realidade *Lario* (ao extrapolarse á segunda declinación un dativo da terceira), tan só a segunda parte, *Breo*, dun teónimo indíxena, que supoñamos correcto lendo *Berobreo*; e que na nº 5 acompaña á mesma palabra o primeiro segmento *Bero*, do suposto *Berobreo*. De iso dedúcese que se ambos termos poden ir sós é por que *Bero* e *Breo* son vocablos independentes aínda que complementarios [...] En consecuencia, podemos establecer definitivamente a versión completa e unitaria do nome da divindade baixo a expresión en dativo de singular '*DEO LARI BERO BREO*' ".




O director da escavación, J. SUÁREZ OTERO, "MARIÑO", comentando con Alfredo ERIAS e uns amigos os resultados da súa frotitífera e expectacular campaña de escavación no Castro de Donón

Que traducimos sen dificultade, saíndo nós agora á palestra tras esta longa cita: "Ao Deus Lar" *DEO LARI*, "de Alta", "de Moi Alta" *BERO* (verba que significando elevación está presente no noso monte de Brión (A Graña) ou na verba e topónimo "verruga"), -prob.**u[p]er-os* "moi alta" cf. comparativamente, *Verius*, pos. *Ber-us, Ber-isus, Ber-isamo-*, "Murallada Cidade" BREO -prob.**bre[g]os* cf., *Coelio-briga, Lanio-briga, Blaniobri[g]a*, comparativamente pos. *Bero-bri[g]a*, e antropónimos, de prestixio, similares a *Bero-Breo*: *Vero-brio* ou *Vero-blio*, se cadra etimoloxicamente "Alta-Ciudadela" –e non poño máis exemplos para non fatigar ao sufrido lector de Atenea–, entendendo que en "Deus Lar", o elemento determinante *Lar* refírese a un conductor e receptor dos mortos, un *psychopompos* como o noso bendito San Pedro porteiro ou pescador de almas, e que a *murallada cidade* que lle serve de epíteto representa ao Paraíso, a Xerusalén Celeste, en versión pagá, coas súas dúas portas.

Por iso, con mortuorios referentes formais, claramente nelas se remeda intencionadamente a forma das estelas funerarias. Esta intencionalidade, movera a RODRÍGUEZ COLMENEIRO a inclinarse pola existencia dun taller de lapicidas especializado en pequenos monumentos votivos nas proximidades do santuario, pola semellanza, "entre si, das aras de Donón", a causa do seu tamaño e características decorativos: O sorprendente é que ditos exemplares, na súa totalidade aras votivas, adopten unha forma híbrida, entre a estela decorada e a ara tipo, pretendendo todas estas fantásticas aras viablemente do século IV ou V d. C., ser claros esquevomorfos (imitacións) de estelas.

É curioso que as aras de Donón, esforzaándose en imitar a forma de estelas funerarias, como buscando unha suxestión en certo modo equivalente ao inspirado polos nosos actuais cadaleitos, son integramente ofrecidas polos vivos ao, *nomen, omen*, deus *Lar bero Breo* da Alta Ciudadela dos Mortos, *pro salute*, é dicir, en pago, seguramente, dunha inesperada e milagrosa salvación. *Verbum salus est aequivocum*. Quizais erixidas por algúns mariñeiros preservados dunha enfermidade ou de algún percance, mentres faenaban entre as illas? Correspondendo as aras/estelas de Donón, a persoas vivas, isentas de entrar na casa de Don pode que téndoos redimido o morador da *Alta Casa* dunha morte segura nada tería de particular a significativa forma de estelas –constituíndo unha asombrosa e intencional excepción e un claro precedente do actual ambiente etnográfico galego das procesións votivas das mortallas, en Santa Marta de Ribarteme (As Neves, Pontevedra) "Virxe de Santa Marta/ Estrela dó Norte/ que lle deu a vida/ ao que estivo en morte"–, chamando poderosamente a atención de COLMENEIRO quen comentou como as "aras vetivas adoptan unha forma híbrida, entre a estela decorada e a ara tipo".




Impresionante montaxe feito por SUAREZ OTERO nunha igrexa de Cangas permitindo albiscar o impacto nun estreito recinto ao ar libre dunhas duascentas estilizadísimas aras

Este mimetismo para-funerario, de enorme orixinalidade para a época baixo imperial, inclínanos a pensar que dándolle á ara a función dunha estela, os galaico-romanos, intencionadamente, pretendían significar o preciso carácter funerario que se mantivo no lugar, trasladándose á parroquial de Santo Andrés de Hio, ate mediados do século pasado coa súa procesión de enfermos en cadaleitos até que o seu párroco, o noso parente, don Antonio Graña prohibiuna. Análogo papel ao desempeñado hoxe, con análogas interdiccións curís, polos votivos cadaleitos ofrecidos polos vivos librados da morte, en Santo Andrés de Teixido, etc. e en multitude de santuarios galegos polos mariñeiros salvados de perecer afogados na Costa da Morte tralo naufraxio das súas barcas non poucas veces pola divina intercesión da Virxe do Carme.

Costumes celtas vivas da Galicia Celta *renegada* de hoxe: "Virxen Santa [-din os viviñas nos seus cadaleitos-] Marta/ imos a chegar,/ ábranos a porta/ queremos entrar./ Virxe Santa Marta, Sol de meio dia, / ou resurxido, vén na compaña" ilustran, comparativamente, a forza do noso vínculo, e este aserto non debería incomodar a ninguén, coa Galicia Celta *renegada* de onte.

Alzadas na parte mais alta da costa das Rías Baixas de Galicia, en O Facho de Donón, na parroquia de Santo Andrés de Hío, dispuxéronse máis dun centenar longuísimo de esveltas aras-estelas, conformado un pétreo bosque nun reducido espazo, tal vez animado, cada día 30 do bendito mes que comeza por Todos os Santos e acaba polo nome do que subscribe, Santo Andrés, coa luz de centenares de devotas candeas. Un bosque fantástico, de resurxidos, fora do alcance do Deus dos Mortos, do Obscuro Don e

«...en O Facho de Donón, dispuxéronse máis dun centenar longuísimo de esveltas aras-estelas, conformado un pétreo bosque nun reducido espacio...».





Duas tipoloxías das aras-estela do Facho de Donón, San Andrés de Hío. Fonte: profesor A. RODRIGUEZ COLMENERO

do seu particular *Domus* chamado *Tech nDuínn*. Un bosque de aras extraxurisdiccionais, emigrantes, expulsadas do *dominium das Insulae Deorum [et Caeciliorum]* e desterradas do Paraíso que se dispoñen ao outro lado do Outro Lado virando as costas ao mar, agachadas tras un abrigo.

Contextualizando o conxunto, o topónimo do lugar, Donón, e o santo patrono da parroquia "Santo Andrés" de Hio co seu impresionante cruceiro, e coa tradición etnográfica, as aras, fronte ás Illas dos Deuses, *pars pro toto*, dedicaríanse, ao Don, Señor da Celta **Bera* "Elevada" *Briga* "Casa e Fortaleza" (dando orixe de paso ao antropónimo de prestixio castrexo *Berobrio* ou *Beroblio*) , "Diós Lar" conductor de mortos.

De costas ao mar, apartadas por abrigo rochoso da vista das Illas dos Deuses, as aras-estela foron depositadas por mariñeiros ou por enfermos, por xentes ás que dalgún xeito o *Lar Bero Breo* preservou, e devolvéndolles a vida –polo menos durante unha tempada–, concedeulles un tempo morto e tranquilidade. Representan un distanciado agradecemento moi ao estilo dos vivos que non puideron –aínda que hoxe estean todos alá– entrar no Mais Alá. Son aras dos vivos para o deus dos mortos e *psychopompos* Lar, unha especie de versión pagá do noso San Pedro cristián, casual barqueiro, casual pescador das almas –dos "homes mariños"–, casual camiñante sobre o mar, casual porteiro, e como Caronte casual calvo –"San Pedro como era calvo lle picaban os mosquitos" di unha canción popular de San Pedro de Leixa– e *Ceciegaeco* "chosco". Aras ofrendadas como estelas funerarias para o *Lar* e o *briugú* "hospedeiro que pon a comida no pote en grandes cantidades, como faciamos nós o día do patrón" da *Jerusalén Celeste* dos Celtas ruidosa, festiva, borracheril, abundante en cochos, caldeiros fumeantes e en música, que agarda.

Costumes que non son romanas e que hoxe perduran procedentes da noite dos tempos se fan particularmente visibles agora, na Gallaecia Cristiá dos séculos IV e V, cando florecen as suntuosas uillae galaico romanas costeras como Noville e Littoriana, e eclosiona un substancial tráfico mercantil atlántico. Cando a Provincia Gallaecia se erixiría previsiblemente, como voltou a acontecer entre os séculos XIII-XVI e, de novo, entre os séculos XVIII-XX, nunha importante provedora atlántica do sector conserveiro do período Baixo Imperial.

Proliferando como cogumelos nun minúsculo espacio do Monte dó Facho fronte ao entorno do paraíso natural das Illas Cíes e de Ons, as aras dedicadas posiblemente por mariñeiros de Donón pro salute, do bosque fantasmal, testemuñan a crenza dun antes e dun despois. Todo o ambiente etnográfico das Illas Afortunadas e Insulae Deorum "dos deuses" está condicionado, e até hoxe, pola presenza do Celta Caronte que coas chaves na man agarda á porta da súa Casa a chegada da pasaxe fantasmal. O Lar "Bero/ Breo" ou "Bre [g]ou[e]co" responde a este perfil, manténdose esta pagá crenza viva até hoxe na tradición oral e en literaria de Galicia como –a través da ollada de Fernando ALONSO ROMEIRO– o viu recentemente un escritor nunhas copliñas populares: Ay Pepiño, Adeus!/ ,Ay, Pepiño, Adeus!/ ,Ay Pepiño por Deus non te vaias!/ fica con nós, fica con nós/. Non te vaias afogar na praia/ como nos pasou a nós. Como nos pasou a nós// havos de pasar a vós. Recollendo tamén Fernando ALONSO ROMERO a crenza mariñeira de que as almas dos que se perden no mar se van á Illa Onceta. En nas Illas Cíes e na Illa de Ons, en Santo Andrés de Teixido, existe aínda o Paraíso Ceta, o luminoso Tártaro do pasado pagán, a Casa de Don rica en hóspedes, milagrosamente preservado, do Prestige, e de ter adquirido unha tintura infernal. Aquí no presente Cristián, nos finisterres de Galicia, no confín noroccidental de España, a sutil Xeografía Sagrada do imaxinario popular vislumbra desde os seus acantilados o porto seguro e bieito do Alén e mantén as súas barcas de pedra.



CARTA ABERTA DO PRESIDENTE DO ATENEO FERROLÁN A UN SOCIO VETERANO E AMIGO A PESAR DE TODO

Como primeiro punto pedirei desculpas e comprensión por se- con expresar o que sinto e penso- podo ferir, molestar ou incomodar, que todo é posible. Tamén desculpas polas posibles obviedades que, senón ó destinatario, a algún lector poden virlle ben.

- *Eu son o Presidente da Xunta Directiva do ATENEO FERROLÁN, pero non son nin a Directiva nin o Ateneo.*
- *Esta Entidade, aberta a todos e todas, réxese polos seus Estatutos, recentemente aprobados de acordo coa nova lexislación. Nela teñen cabida para expoñer e debater todas as opinións, sen censura previa e sen obrigas e fidelidades de ningún tipo. Nela, evidentemente como nos demais espazos da Sociedade Democrática deste País, pode, e faise realmente, POLÍTICA.*

¿Por que non? ¿É algo malo?. Somos conscientes de que, segundo quen "mande", segundo quen xulgue e segundo o "talante" e nivel democrático, pode ocasionarnos problemas para a nosa Entidade; algún xa tivemos. É o risco dos que aínda buscamos unha utopía, nos alporizamos coa inxustiza e denunciamos a ilegalidade, o caciquismo e o abuso de poder.

- *O ATENEO con grande esforzo vén mantendo unha Revista trimestral na que teñen cabida todas as opinións, queixas e suxestións, con prioridade para os socios e socias: está á túa disposición.*
- *Con respecto á PLANTA DE GAS a postura que o ATENEO vén mantendo, acordada pola Xunta Directiva e referendada pola Asemblea é ben clara. Participamos nas accións e iniciativas do COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA PARA A RÍA DE FERROL e na ASEMBLEA CIDADÁ que convocamos, á que asistiron máis de 50 asociacións e organismos de FERROLTERRA. Publicamos ós que asistiron en apoio da nosa teima: PLANTA DE GAS FÓRA DA RÍA. Esto non quere dicir que non haxa outras Entidades e persoas que defendan a mesma tese, como é o caso de IF e o seu Presidente, pioneiros desa posición. Tamén se lles recoñece os seus votos, base imprescindible para que prosperase a moción de EU-IU no CONCELLO DE FERROL que culminou o tamén imprescindible voto do valente FRA MOLINERO.*

Ese episodio municipal a min persoalmente pareceume moi positivo e o valoro coma un triunfo da democracia e da xustiza. Do Pleno da despedida de EDUARDO só me quedou unha dúbida: por máis voltas que lle dou non atopo a mínima posibilidade de rendibilidade electoral para a súa formación trala intervención, para min brillante, de YOLANDA DÍAZ.

E máis nada , ese é o meu criterio. Para quen considere todo o contrario, todo o meu respecto, pero por favor, sen agredir nin ofender.

Unha aperta,

Eliseo Zaera Ríos.



COMUNICADO DE PRENSA

O Consello Local de EU-IU de Ferrol quere manifestar que o Grupo Municipal EU-IU de Ferrol, no día de hoxe, presentou no Rexistro xeral do Concello de Ferrol un escrito solicitando o cumprimento do acordo plenario do día 12 de novembro de 2004 respecto da paralización cautelar das obras da Planta de Gas de Mugardos.

Lembramos que na histórica sesión extraordinaria de 12 de novembro, o Pleno da Corporación adoptou por maioría o seguinte acordo a proposta de EU-IU: **"Mandatar ó Letrado Sr. Mora que inicie en nome do Concello de Ferrol as actuacións xudiciais oportunas para solicitar a suspensión cautelar das obras que na actualidade está a realizar a Empresa Reganosa para instalar unha Planta de Gas en Punta Promontoiro en Mugardos".**

Á vista do tempo transcorrido e da urxencia do asunto pola súa transcendencia social e ambiental, o Grupo municipal de EU-IU por medio do escrito presentado no día de hoxe solicita que o Alcalde, á maior brevidade posible, dea as ordes oportunas ó Letrado Sr. Mora para proceder ó estricto cumprimento de dito acordo plenario.

Ferrol, 24 de novembro de 2004.



NON TODOS SON IGUAIS

Xa está adquirindo categoría de tópico a expresión: *"TODOS LOS POLÍTICOS SON IGUALES".*

E cabréame e non me deixa indiferente.

Hai, afortunadamente, políticos que non son profesionais do asunto.

Os que se comprometen (aínda a risco de desequilibrar a convivencia normal coa parella, familia, amigos,...) en prol de tentar levar a cabo as inquietudes / convicións que forman parte da súa esencia –sexa ou non transmitida– e que queren deixar de si mesmos como testemuña deste paso por este, cada vez máis inxusto, mundo tan efémero.

Probablemente tamén algún o faga como pago ós abandonos que xeran eses desequilibrios na convivencia ós que antes aludía.

Mais, elucubracións a parte, este preámbulo débese á actuación de catro políticos que, días atrás, tiveron a decencia de darlle prioridade ás súas ideas en contra do marcado por intereses económicos, aliados con intereses de partido.

Refírome a Mª Luisa Sabio, Xosé Lastra, Eduardo Fra e Carlos Piñeiro (este último dimitiu da executiva do PSOE a causa da Planta de Gas).

Ós dous primeiros non teño o gusto de coñecelos até o extremo dos últimos; pero sexa como sexa e á marxe do debate de si planta de gas si ou planta de gas non (evidentemente estou en contra do crime ecolóxico que supón que se ubique dentro da ría) quero reivindicar a parte ética daqueles que optan pola política como unha forma de plataforma para levar a cabo ideas, limar inxustizas, facer unha sociedade menos violenta ...

A eles mil gracias por devolverme a credibilidade na política e nos políticos.

Non se lle oculta a ninguén que sempre é preferible chegar a acordos falando que impoñendo as súas ideas pola forza.

A eles, insisto, gracias pola súa inmolación política. E como dirían os italiáns, que teñen unha frase elegante para todo:

"UN BEL MORIRE TUTTA LA VITTA ONNORA".

NON TODOS SON IGUAIS.

TONO da GRAÑA

CARTA DE "MUJERES EN RED"

UNHA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO ESPECIAL

Saúdos dende *Mujeres en Red:*

Queriamos –logo deste 25 de novembro do 2004– enviar unha nota de reflexión e de especial recoñecemento ó traballo das organizacións de mulleres que ano tras ano levantaron a súa voz, a miúdo en soidade, para denuncia-la violencia contra as mulleres.



Estamos ás portas de ter definitivamente –á espera do seu paso polo Senado– unha Lei Integral contra a Violencia de Xénero. O reto para nós agora é manternos vixilantes na súa aplicación.

Este 25 de novembro do 2004 conmemorouse en numerosas cidades e vilas do Estado Español e, a miúdo, foron as propias institucións quen tomaron este ano a iniciativa da convocatoria.

Sen dúbida o celebramos, pero é o momento de lembrar que foron as compañeiras do 1° Encontro Feminista de América Latina e o Caribe, celebrado en Bogotá en xullo de 1981, as primeiras en propoñer esta data para o activismo contra a violencia de xénero, en memoria das *Hermanas Miraval* –activistas políticas e defensoras da autonomía das mulleres– asasinadas o 25 de novembro de 1960 polo Ditador Trujillo na República Dominicana.

Custoulle a Nacións Unidas case que 20 anos asumir esta data e darlle carácter oficial en 1999.

En España, hai 7 anos que as organizacións de mulleres saen á rúa cada 25 de novembro para reclamar xustiza e proteción para as mulleres vítimas de malos tratos, pero tamén para esixir TOLERANCIA CERO da sociedade fronte a este problema.

O 25 de novembro do ano 2003 pasou con poucas mencións por parte dos medios de comunicación ás convocatorias. Este ano vimos como numerosos programas de televisión, radio, moitas páxinas dos periódicos e mais revistas dan testemuña e expoñen abertamente o problema.


Temos que felicitarnos todas, porque esta visibilización se logrou co noso traballo e a coordinación das nosas redes.

Oxalá que esta experiencia nos sirva para reflexionar e ser conscientes da importancia de continuar estabelecendo estratexias xuntas, buscando puntos de encontro –que sen dúbida os hai– e salvando as diferenzas lóxicas nun movemento feminista afortunadamente plural e diverso.

Esperemos que unha estrita aplicación da Lei Integral contra a Violencia de Xénero poña fin a este profundo defecto da nosa sociedade patriarcal.

Mujeres en Red

http://www.mujeresenred.net



CONVOCATORIAS...

Houbo moitas e diversas convocatorias para estas datas... en todo caso lembramos algunha ...

VIGO

O día 27 de novembro , ás 18 horas dende a Praza de Portugal, en Vigo. Convocouse unha Manifestación pola Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres. Foi unitaria e englobou á maioría das Asociacións de Mulleres Galegas.

«O 25 de novembro de 1960 as *Hermanas Miraval* –activistas políticas e defensoras da autonomía das mulleres– foron mandadas asasinar polo ditador Trujillo na República Dominicana».

WANGARI MAATHAI,
PREMIO NOVEL DA PAZ 2004



O 8 de outubro de 2004 o Comité Noruegués Novel anunciou a concesión do Premio Novel da Paz 2004 a **Wangari Maathai**.

Nota de prensa emitida en Oslo o 8 de outubro de 2004: "O Comité Noruegués Novel decidiu conceder o Premio Novel da Paz de 2004 a Wangari Maathai pola súa contribución ó desenvolvemento sostible, a democracia e a paz".

A paz na Terra depende da nosa capacidade para garantir a supervivencia do noso medio ambiente. Maathai situouse á fronte da loita para promover o desenvolvemento cultural, económico e social ecoloxicamente viable en Quenia e en África. Maathai adoptou un enfoque global do desenvolvemento sostible que comprende a democracia, os dereitos humanos e os dereitos das **mulleres** en particular. Maathai pensa globalmente e actúa localmente.

Maathai dedicou a maior parte da súa vida profesional a defender a biodiversidade en África, nunha causa que reiteradas veces a enfrontou coas autoridades e as súas temibles forzas de seguridade no antigo réxime opresor en Kenia. A súa particular forma de actuación contribuíu a chamar a atención sobre a represión política, tanto nacional como internacionalmente. Maathai inspirou a moitos na loita polos dereitos democráticos e animou especialmente ás mulleres a traballar pola mellora da súa situación. A premiada foi tamén a primeira muller en África Occidental en recibir un doutorado universitario (de Bioloxía en Atchinson, Estados Unidos) e a primeira decana da Universidade de Nairobi, Kenia.

«A súa particular forma de actuación contribuíu a chamar a atención sobre a represión política, tanto nacional como internacionalmente».

Maathai conxuga a ciencia, o compromiso social e o activismo político. Máis que protexendo de maneira simplista o medio ambiente, basea a súa estratexia en asegurar e fornecer as auténticas bases do desenvolvemento ecoloxicamente. Fundou o *Movemento Cinturón Verde*, co que mobilizou a mulleres pobres para plantar 30 millóns de árbores, nun período de case trinta anos. Os seus métodos foron adoptados noutros países. Todos somos testemuñas de como a deforestación e a destrución dos bosques levaron á desertificación de África e ameazan outras rexións do mundo, incluída Europa. Protexer os bosques contra a desertificación é un elemento vital na loita por fortalecer e protexer o medio ambiente na Terra.

Por medio da educación, a planificación familiar, a nutrición e a loita contra a corrupción, o *Movemento Cinturón Verde* sentou as bases para un desenvolvemento a nivel popular, que xorde dende a base. Maathai é unha forte voz que anima ás forzas que en África promoven a paz e unhas boas condicións de vida.

Wangari Maathai é a primeira muller africana galardoada co **Premio Novel da Paz**. Ó mesmo tempo é a primeira africana que recibiu o Premio Novel orixinaria da inmensa zona comprendida entre Sudáfrica e Exipto. Representa un exemplo e unha fonte de inspiración para todos os que en África loitan polo desenvolvemento sostible, a democracia e a paz.»



A ganadora do Premio Novel da Paz, a ecoloxista queniana Wangari Maathai, dixo que "mentres haxa no mundo xente que vive mal, ninguén pode estar seguro".

" ... Hai que machacarlle ás potencias que a forza non lles dá dereitos e que se non se toma conciencia, o mundo enteiro, pero sobre todo as nosas poboacións terán un futuro ominoso".

"...é certamente máis difícil o actual proceso de globalización que tende a concentrar o capital, tecnoloxía e poder nuns poucos e para eso necesitan dos nosos recursos".

"Por iso hai que lembrarlles ós líderes internacionais que teñen un deber moral co resto. A designación do Premio Novel ten esa mensaxe: **"Vostedes, os desamparados, non sucumban fronte ós poderosos e os ricos. Sigan a pelexa"**, indicou Maathai.

ANTÓN TOVAR
(1921 – 2004)

LINGUA QUE REXEITARON OS MEUS PAIS

Borraran os letreiros dos camiños
cos ben amados nomes das antergas vilas,
dos silabarios das escolas algareiras
borraran o cantar humilde e puro
da língua popular.
Sóio no escuro das lareiras
no apartado silencio dos labregos labios,
esquecida das espadas poderosas,
borboriñaba a nosa lingua triste.
Aferrollada fora coma unha delincuente.
As maos sen calos do traballo,
requintadas e doces, relixiosas,
enfeitadas co ouro dos aneis
roubados ó suor dos pobres
empurraran a lingua nobre e pura
a un cadafalso de vergoñas.
Meus pais, tamén, amados ignorantes,
obedeceran as ordes que o espadón
deborcara na poza de Galicia.
E, agora, veleiquí a xenreira xusta
dos mozos nobres e libertadores
tirando do pescozo da aforcada
o barazo inxusto, o odio do canalla.
Inda folguexas noiva bela,
inda tes verbas na túa gorxa magoada,
foguetes de carraxe pra cuspirlles
ós donos madrileños do billete,
da espada e maila cruz.
Inda tes folgos lingua enxebre
nos teus labios de moza asoballada,
lingua dos meus limiaos, dos meus antergos,
inda tes folgo pra bica
Estás agora viva nos meus beizos fondos,
estás agora viva nos meus dedos de home
e acariñando vou teu corpo rebrincante
que ten ás de volvoreta nas palabras


CANDO EU MORRA

Os mortos campesinos teñen as sepulturas
con cancións de paxaros e niñeiros de estrelas
i á carón das suas silvas van as vacas marelas
e cántanlles os ventos as cantigas máis puras.


Os mortos campesinos érguense antre piñeiros
i ás súas covas xeadas cheas de soedade
ofércelle a paisaxe pano de caridade
feito de millo i auga de toxos e vieiros.
Os mortos aldeás devalan por atallos,
antre os centeos verdes, xunto a ríos mansiños,
con fachicos de estrelas e noitébregos niños
de gaitas que inda tecen os seus finos meigallos.

Cando chegue o meu día i o derradeiro viaxe,
enterráime na dorna dun adriño aldeán,
poñéime nela espido sin sudario -no chan-
que xa teño ún pra mín feito só de paisaxe.

Cando o meu corpo morra xunto á frol das toxeiras
seréi un acio máis tripado en gran vendima
polas patas dos bois, os bois da miña Limia,
nun lagar oceánico de longas carballeiras...




O PARNASO



OS arames dos sentimentos
vanse desfacendo pola perturbación sensorial
dunha vibración teimosa,
que envolve a nostalxia do "blues"
no sur da trompeta,
ata evaescer os sentidos
polo corpo do devezo oculto,
que arrastra a sensibilidade
do murmurio.

Louis Amstrong na invisibilidade
da noite
arrinca o misterio
e o estremecemento da perfección.



LOS alambres de los sentimientos
se van deshaciendo por la perturbación sensorial
de una vibración obsesiva
que envuelve la nostalgia del "blues"
al sur de la trompeta
hasta desvanecer los sentidos
por el cuerpo del ansia oculta
que arrastra la sensibilidad
de un murmullo.

Louis Amstrong en la invisibilidad
de la noche,
arranca el misterio
y el estremecimiento de la perfección.

Mª do Carme Kruckemberg

COÑÉZOTE

Coñézote:

arelada, denostada,
inquedante, suxerente.

Coñézote:

cantada, pintada,
presente, doente.

Coñézote:

porque, coma min,
amas a vida.
- razón da túa existencia -

Xa sei que eres intransixente:

sempre fuches puntual
no teu traballo.

Coñézote ben porque non fai moito
me mirache con mirada fatal
... e por iso non che teño reparo.
...

Coñézote : NEGRA SOMBRA.

TONO da GRAÑA

Difuntos do 2004

ABRE LOS OJOS










Con MultiOpticas vas a verlo

La más moderna tecnología y el más experto equipo profesional -Ópticos, optometristas y audioprotesistas te garantizan la solución más adecuada a cada caso concreto:

- GAFAS GRADUADAS Y DE SOL
- CRISTALES PROGRESIVOS
- CENTRO DE CONTACTOLOGIA
- GABINETE DE AUDIOLOGIA



MULTIOPTICAS
CALLAO
Nº1 EN SERVICIOS ÓPTICOS

Pl. España, 16 - Tel. 981 311 406
Pl. Callao, 25 - Tel. 981 350 446
Real, 110 - Tel. 981 352 390
FERROL

C.C ODEÓN - Tel. 981 397 930
NARÓN

Avda. Galicia, 9 Tel: 981 452 270
AS PONTES

General Franco, 73 - Tel. 981 402 435
ORTIGUEIRA

Pza. Mayor, 8 - Tel. 982 252 580
LUGO



15% Dto.
con la Tarjeta Select

PAGUE EN 6 MESES
SIN RECARGO

www.multiopticascallao.com

O ATENEO FERROLÁN VOS DESEXA
QUE O ANO 2005
CHEGUE CON PARABÉNS
E PROSPERIDADE PARA TOD@S.

